Seco García, Martín e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o correcto funcionamento do servizo de transporte escolar no concello de Arteixo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40920 (11/PNC-003587)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pardo López, Adrián e 7 máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que actúe con celeridade na ampliación da avenida Alfonso Molina, na Coruña
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40922 (11/PNC-003588)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pardo López, Adrián e 7 máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que reduza os prazos de execución na obra da rotonda de Guísamo, no concello de Bergondo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40960 (11/PNC-003589)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre a necesidade de elaborar un plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria regulado na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 40962 (11/PNC-003590)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41025 (11/PNC-003591)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que regule por lei de forma permanente o impedimento do corte das subministracións básicas de luz, auga e gas
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 41033 (11/PNC-003592)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar cobertura aos alumnos e alumnas de bacharelato e formación profesional da contorna e para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado do rural
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41040 (11/PNC-003593)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para abrir o centro de saúde de Parga, en Guitiriz
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41048 (11/PNC-003594)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que modifique os artigos 245 e 269 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, para evitar a ocupación da vivendas ou inmobles
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41077 (11/PNC-003595)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 8/2021, do 4 de xuño, orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41087 (11/PNC-003596)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do dereito das deputadas e dos deputados a obter información e documentación da Xunta de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41112 (11/PNC-003597)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un novo plan de xestión do lobo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41135 (11/PNC-003598)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Queixas Zas, Mercedes
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para emitir un informe no que se verifique o cumprimento da legalidade nas obras realizadas na contorna da igrexa parroquial de Santa María da Guarda
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41151 (11/PNC-003599)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o correcto funcionamento do servizo de transporte escolar na comarca de Compostela
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41161 (11/PNC-003600)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co control financeiro, nomeadamente a contratación menor na Consellería de Sanidade
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41178 (11/PNC-003601)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do contrato do servizo de transporte escolar no concello de Poio
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41179 (11/PNC-003602)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do contrato do servizo de transporte escolar no concello de Poio
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41188 (11/PNC-003603)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento do Decreto 12/2017, sobre o uso das vivendas de uso turístico
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 41189 (11/PNC-003604)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas augas do balneario de San Xusto, no concello de Cerdedo-Cotobade
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41197 (11/PNC-003605)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para informar da situación actual do proxecto de aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41200 (11/PNC-003606)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir as competencias das escolas infantís municipais
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

- 41118 (11/MOP-000028)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2022

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á xunta de Portavoces e publicación

- 41266 (11/CPP-000102)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Da conselleira do Mar para explicar as accións que se van levar a cabo no futuro inmediato e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias da decisión da Comisión Europea anunciada o pasado día 15 de setembro sobre o peche de 87 zonas do Atlántico Nororiental para todas as artes de fondo

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 40969 (11/CPP-000101)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta dos retos aos que se enfronta o sector do mar ante as últimas decisións da Comisión Europea

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41344 (11/CPP-000103)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da conselleira de Medio Ambiente, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta en materia de ordenación do territorio

- 41345 (11/CPP-000104)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar dos principais eixos e liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2023

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 41271 (11/INT-002009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a Estratexia atlántica de Galicia en relación con Portugal

Admisión a trámite e publicación

- 40615 (11/INT-001985)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre as axudas do Programa do bono alugueiro mocidade

- 40629 (11/INT-001986)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as entidades instrumentais do sector público autonómico

- 40632 (11/INT-001987)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Pérez López, Daniel
Sobre os contratos de patrocinio dos concertos do Xacobeo

- 40644 (11/INT-001988)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a aplicación do Regulamento comunitario sobre o acceso a augas profundas

- 40797 (11/INT-001989)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o servizo de ambulancias na área sanitaria de Pontevedra-O Salnés

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 40876 (11/INT-001990)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as accións concretas para a modernización dos museos feitas polo Goberno galego desde a aprobación da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e centros museísticos

- 40952 (11/INT-001991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración dos datos do índice de prezos de consumo do mes de agosto

- 40964 (11/INT-001992)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre a necesidade de habilitar bolsas extraordinarias

- 41027 (11/INT-001993)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre a regulación do impedimento do corte das subministracións básicas de luz, auga e gas

- 41078 (11/INT-001994)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 2 máis
Sobre o cumprimento da Lei 8/2021, do 4 de xuño, orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia

- 41086 (11/INT-001995)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre a garantía do dereito fundamental de participación aos deputados e deputadas do Parlamento galego

- 41114 (11/INT-001996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a xestión do lobo

- 41144 (11/INT-001997)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre a utilización de recursos públicos por parte dos partidos políticos

- 41150 (11/INT-001998)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre o funcionamento do servizo de transporte escolar

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41162 (11/INT-001999)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o control financeiro exercido polo Consello de Contas

- 41166 (11/INT-002000)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre os fondos achegados polo Goberno do Estado para a loita fronte á covid-19

- 41180 (11/INT-002001)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as vivendas de uso turístico

- 41198 (11/INT-002002)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as escolas infantís municipais

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2022
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

RESOLUCIÓN do 12 de setembro de 2022 pala que se aproba a convocatoria da terceira edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

A Valedoría do Pobo, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, resolve convocar a terceira edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres, que se rexerá de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. *Obxecto*

Estas bases teñen como obxecto regular a concesión dos III premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segunda. *Requisitos*

Os traballos deberán destacar polo seu elevado valor en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

Os dereitos sobre os traballos presentados non poderán estar cedidos a terceiros con carácter de exclusividade.

Os traballos deberán ter sido lidos, defendidos ou xulgados e aprobados, segundo proceda, ante calquera universidade galega durante o curso académico 2021/22.

Os traballos serán presentados en idioma galego ou castelán. Caso de se presentaren en idioma distinto dos anteriores, deberá achegarse tradución.

Terceira. *Solicitudes*

As solicitudes axustaranse aos modelos de instancia que figuran como anexos I e II, que estarán á disposición das persoas interesadas no enderezo electrónico da Valedoría do Pobo (www.valedordopobo.gal), e da Universidade de Santiago de Compostela (www.usc.es), da Universidade da Coruña (www.udc.es) e da Universidade de Vigo (www.uvigo.es), e no rexistro da Valedoría do Pobo (rúa do Hórreo nº 65, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña), das 9.00 ás 14.00 e das 16.30 ás 19.00 horas, de luns a venres, e nos rexistros das universidades asinantes.

Coas solicitudes presentarase a seguinte documentación:

a) Traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en formato papel e en formato electrónico (CD ou *pendrive* en formato word, libreoffice ou LaTeX), totalmente anonimizados (anexo I).

b) Así mesmo, xuntarase un sobre pechado que no exterior indique o título do traballo e no seu interior a persoa autora, o departamento, a facultade e a universidade (anexo II). Este permanecerá en custodia do secretario xeral da institución ata o ditame do xurado, momento en que se abrirá.

As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude unicamente a un dos premios.

As identificacións que resulten precisas en aplicación da normativa de rexistros serán custodiadas unicamente polos funcionarios responsables e permanecerán ocultas para o xurado.

Cuarta. *Lugar e prazo de presentación*

Os traballos, dirixidos á Valedora do Pobo, presentaranse no rexistro da Valedoría do Pobo ou nos rexistros da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña ou da Universidade de Vigo, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que non se presenten no rexistro das entidades convocantes deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía e-mail (rexistro@valedordopobo.gal), na

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se detalle o medio utilizado de presentación, evitando a identificación persoal, segundo o modelo que consta no anexo III.

As solicitudes presentaranse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 15 de novembro de 2022. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no DOG e nas páxinas web da Valedoría do Pobo e das universidades galegas.

Se a solicitude non reúne os datos ou os documentos exixidos, a persoa interesada disporá de 10 días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos dende a recepción da notificación de emenda. No caso de que non o fixer, será considerada desistida da súa petición.

Sen prexuízo do anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a valoración do traballo presentado. De non facelo, será considerada desistida da súa petición.

As comunicacións realizaranse exclusivamente a través do enderezo de correo electrónico proporcionado polas persoas solicitantes.

Quinta. *Xurado*

O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidencia: Dolores Fernández Galiño, valedora do pobo.

Vogais:

María Xosé Porteiro García, adxunta á valedora do pobo

María Castro Parga, responsable da Valedoría do Pobo en materia de xénero.

Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, persoa en que delegue, elixida pola súa traxectoria profesional e persoal en materia de igualdade.

Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, ou persoa en que delegue, elixida pola súa traxectoria profesional e persoal en materia de igualdade.

Manuel Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, ou persoa en que delegue, elixida pola súa traxectoria profesional e persoal en materia de igualdade.

Secretaría: Fernando de Andrés Alonso, secretario xeral da Valedoría do Pobo.

2. Unha vez constituído o xurado, publicarase a relación nominal dos seus compoñentes na páxina web da Valedoría do Pobo.

3. De xeito orientativo, o procedemento que seguirá o xurado será:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Cada integrante do xurado dará a cada traballo, segundo o seu acreditado saber, unha puntuación de 0 a 2.

b) Pasarán á seguinte fase aqueles traballos que obtivesen a puntuación máxima de, polo menos, un membro do xurado da Valedoría e, polo menos, un membro do xurado en representación das universidades.

c) Dos traballos que pasen á segunda fase, cada membro do xurado, segundo o seu acreditado saber, propoñerá unha escolma daqueles traballos que considere que poden optar a cadanseu premio, expoñendo sucintamente as razóns da súa proposta.

d) Na derradeira fase a deliberación e votación comezará polos traballos que obtivesen maiores apoios, sucintamente expostos entre os membros do xurado.

4. Para o non disposto nestas bases serán de aplicación as normas contidas no capítulo II sección terceira, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Sexta. *Resolución*

Unha vez valorados os traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) presentados, o xurado emitirá a resolución no prazo máximo de seis meses contados a partir do día de finalización do prazo de presentación.

As decisións tomaranse por maioría e a presidencia do xurado terá voto de calidade en caso de empate.

O xurado poderá outorgar premio *ex aequo* en caso de empate ao mellor traballo fin de grao (TGF) ou ao mellor traballo fin de máster (TFM). Neste caso, outorgaráselles o diploma acreditativo, dividindo a contía económica fixada entre as persoas premiadas en cada categoría.

No caso de non alcanzar os apoios necesarios os traballos presentados, poderase declarar algún ou todos os premios desertos.

O ditame do xurado será inapelable e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e nas páxinas web das entidades convocantes.

Sétima. *Aceptación das bases e autorización ás entidades convocantes dos premios para a publicación*

A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases, así como a autorización á valedora do pobo para a publicación, por calquera medio, dos traballos premiados. Para os efectos da súa publicación, poderase solicitar a adaptación do traballo ao habitual das publicacións institucionais.

Oitava. *Dotación e tramitación dos premios*

O xurado poderá conceder os seguintes premios:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Premio ao mellor traballo fin de grao (TFG): 1.000 € e diploma acreditativo.

— Premio ao mellor traballo fin de máster: 1.000 € e diploma acreditativo.

2. Os premios aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 01.02.111 B 480.00 da institución da Valedora do Pobo para 2022, en que existe crédito axeitado e suficiente.

3. O pagamento dos premios estará suxeito ás retencións e ao réxime fiscal que sexa de aplicación.

4. Unha vez notificado o premio, as persoas premiadas deberán presentar, no prazo de quince días, a seguinte documentación:

— Certificado académico especificando o título do traballo, director/a deste, cualificación obtida e, de ser o caso, data de lectura e tribunal que a xulgou.

— Acreditación de estar ao día nas súas abrigas coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

— Copia do certificado de conta bancaria da súa titularidade.

— Declaración responsable sobre o réxime fiscal das persoas premiadas.

Novena. *Revogación dos premios*

O incumprimento das condicións que se tiveron en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á súa revogación, así como ao reintegro das cantidades percibidas.

Décima. *Datos de carácter persoal*

As institucións convocantes publicarán na súa páxina web oficial as distintas fases de tramitación do procedemento de concesión dos premios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas presentadas e da súa publicación na páxina web institucional.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na solicitude de participación na convocatoria se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Os/as solicitantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido á Valedoría do Pobo.

Décimo primeira. *Facultades da valedora do pobo*

Facúltase a valedora do pobo para ditar as resolucións necesarias para o axeitado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022
María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO I

Solicitude de participación na terceira edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres

DOCUMENTOS QUE ACHEGA

O Traballo fin de grao (TFG) en formato de papel e electrónico (CD ou *pendrive* en word, libreoffice ou LaTeX) titulado:

O traballo fin de máster (TFM) en formato de papel e electrónico (CD ou *pendrive* en word, libreoffice ou LaTeX) titulado:

Síntese descritiva do traballo:

VALEDORA DO POBO

ANEXO II

Nome	Apelidos	
DNI	Correo electrónico	Teléfono
Universidade en que se presentou o traballo		
Data en que se presentou		Nota obtida

Expón que desexa participar na terceira edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

.. , de... de 2022

(sinatura)
VALEDORA DO POBO

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO III

Modelo de comunicación de presentación da solicitude

A persoa autora do traballo fin de grao/traballo fin de máster co título .....
.....

Manifesta que presentou unha solicitude de participación na terceira edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres con data do ..... en (Indíquese o lugar de presentación, de conformidade co artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedimiento administrativo común das administracións públicas).

VALEDORA DO POBO

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:56:59
Nº Rexistro: 41023
Data envio: 14/09/2022 12:56:59.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, e ao amparo do artigo 87.2 da Constitución e do artigo 10.1 do Estatuto de Autonomía de Galiza, que permite a posibilidade de exercer desde o Parlamento de Galiza a iniciativa lexislativa ante as Cortes do Estado, presenta a seguinte **Proposición de Lei relativa á modificación da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética** para a súa elevación ao Congreso dos Deputados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 21 de maio de 2021 foi publicada no BOE a Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

Esta Lei, no seu artigo 20 introduce unha modificación encuberta relativa á interpretación dos prazos de concesión establecidos na Lei de costas, limitando os períodos de concesións a un máximo de 75 anos, incluídas as prórrogas, e estas só se outorgarán de ser posibles, mentres que na Lei de costas de 1988 deixaba aberta a posibilidade de que as concesións outorgadas a depuradoras, plantas piscícolas, conserveiras ou outras instalacións de tipo industrial poderían ter unha vixencia de até 75 anos e ser susceptibles de prórrogas.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:56:59
Nº Rexistro: 41023
Data envio: 14/09/2022 12:56:59.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta interpretación é claramente contraria aos intereses dunhas 232 empresas da cadea mar-industria situadas na costa de Galiza, como depuradoras, cocedeiros de marisco, piscifactorías, cetáreas... que, desenvolvendo unha actividade perfectamente sostible, necesitan situarse en zona de dominio público marítimo terrestre e estar en contacto coa lámina de auga.

Estes cambios lexislativos xeraron unha situación de total inseguridade xurídica que afecta gravemente á cadea mar-industria, onde as empresas con concesión en vigor descoñecen, por unha banda, se á súa actividade se lle vai recoñecer posibilidade de prórroga e, por outra banda, cal vai ser o período de prórroga que se conceda, de se conceder.

Por isto resulta imprescindible modificar a Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, a fin de garantir o mantemento da actividade do sector mar – industria e evitar o peche e desprazamento da zona marítimo terrestre de empresas que necesariamente deben estar situadas preto do mar, que están plenamente integradas no medio e cunha actividade sostible, garantindo seguridade xurídica ás industrias afectadas.

Así, a presente proposición de lei pretende modificar o artigo 20 da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética, modificando o apartado 4 do artigo, para que se exceptúen as actividades vinculadas ao complexo mar-industria alimentaria, preservando as actividades sostibles coa costa, vinculadas ao sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro, e permitindo á súa vez, manter o previsto no artigo en relación coa ocupación do litoral por actividades agresivas co medio.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:56:59
Nº Rexistro: 41023
Data envio: 14/09/2022 12:56:59.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo Único

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei7/2021 de cambio climático e transición enerxética.

Un. Introdúcese un novo parágrafo ao final do apartado catro do artigo 20 co seguinte contido:

Quedarán exceptuados do establecido neste apartado os títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre vinculados ao desenvolvemento de actividades de acuicultura, depuración de marisco e conserveiras e calquera outra relacionada co sector mar-industria que teña carácter sostible.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente Lei.

Disposición final primeira. Habilitación normativa

Habilítase ao Goberno para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto na presente Lei.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:56:59
Nº Rexistro: 41023
Data envio: 14/09/2022 12:56:59.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición final segunda. Entrada en vigor

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:56:59
Nº Rexistro: 41023
Data envio: 14/09/2022 12:56:59.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE REFORMA A LEI 7/2021, DO 20 DE MAIO, DE CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA

- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas.

- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas.

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:56:59
Nº Rexistro: 41023
Data envio: 14/09/2022 12:56:59.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2022 12:56:28

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 11:52:10
Nº Rexistro: 41085
Data envio: 15/09/2022 11:52:10.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **María González Albert**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 14 de setembro, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais (doc. núm **37467**, [**11/INT-001931**]).

Moción

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Corrixir de xeito inmediato a política de cobertura de vacantes, baixas e vacacións dentro do persoal do SPDIF propio da Consellería garantindo, en todo caso, que as brigadas de bombeiros forestais funcionen con todos os seus efectivos para reforzar a súa eficiencia no traballo e a seguridade dos profesionais.

2. Iniciar os trámites precisos para a substitución, de cara á campaña de 2023, das brigadas de 6 e 9 meses por brigadas anuais públicas e profesionalizadas.

3. Modificar o contido e estrutura do PLADIGA para convertelo nun documento realmente eficaz. O PLADIGA cumprirá, cando menos, cos seguintes criterios:

- Incorporación ao final de exercicio dunha avaliación da súa aplicación na campaña anterior, para detectar posíbeis incumprimentos, feblezas e erros cometidos ao fin de corrixilos.

- Publicación do documento antes do 31 de outubro do ano precedente á súa aplicación, cumprindo co establecido no RDL 15/2022, de 1 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de incendios forestais.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 11:52:10
Nº Rexistro: 41085
Data envio: 15/09/2022 11:52:10.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Creación dunha rede de "paradas para o lume" baseadas na produción agrícola e/ou de gandería extensiva que permitan minimizar o impacto dos incendios forestais estabelecendo espazos de agarda que impidan a súa expansión a grandes superficies e afrontar a súa extinción con garantías."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **María González Albert**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 15/09/2022 11:49:51

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2022 11:50:04

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41254
Data envio: 16/09/2022 14:02:22.257

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 13 de setembro de 2022, sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais (doc. núm. 16979).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Inicie inmediatamente as negociacións coa Fegamp para acordar a lei que regule a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia.

2º) Iniciar inmediatamente as negociacións coa Fegamp para acordar os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas ás que poidan concorrer todos os concellos galegos.

3º) Asumir nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 a totalidade dos custos da prestación por parte dos concellos das competencias propias da comunidade autónoma, nomeadamente dos centros de educación infantil de 0-3 anos, do servizo de axuda no fogar (SAF), do mantemento da totalidade dos centros de saúde, dos centros de educación de infantil e primaria e das unidades municipais de asistencia á drogodependencia, dos conservatorios de ensino medio e dos xulgados de paz, entre outros, conforme ao contido das leis, do compromiso acadado no Pacto local, así como o compromiso acadado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp en febreiro de 2020.

4º) Establecer mecanismos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais de Galicia.

5º) Elaborar en cada consellaría un plan estratéxico no que se establezan os criterios de reparto das contías destinadas a convenios, tal e como se establece na propia normativa da Xunta de Galicia.

6º) Elaborar un plan de reequilibrio territorial acordado coa Fegamp que atenda as potencialidades, as necesidades e as singularidades dos 313 concellos galegos.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41254
Data envio: 16/09/2022 14:02:22.257

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2022 13:01:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 13:02:06

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41255
Data envio: 16/09/2022 16:24:19.679

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 13 e 14 de setembro do 2022, sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán (11/INT-001852, documento número 35884).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Ampliar o volume de contratos para facultativos de atención primaria, equiparando a oferta ao número de solicitudes achegadas á convocatoria realizada este verán, previa negociación cos colectivos representantes dos profesionais sanitarios sobre o formato, categoría, función e condicións laborais.

2. Mellorar as condicións para os titores de novos profesionais en formación MIR, no que corresponde non soamente ás cuestións salariais se non en dispoñibilidade horaria e de tempo para formación, na procura de maior número de posibles titores que permitan ampliar o volume de prazas en solicitude de habilitación.

3. Elaborar un plan de continxencia para épocas de maior volume de vacacións dos profesionais, que contemple a oferta de contratación extraordinaria e de ampliación voluntaria de xornada, que permita aproveitar a teórica menor demanda de asistencia sanitaria expresada polo Sergas para destinar eses recursos a liberar esperas cirúrxicas e de primeira consulta.

4. Elaborar, antes de que acabe o ano, un informe sobre o volume de derivacións a clínicas privadas baixo acordos de concertación durante os anos 2021 e 2022, que sexa entregado no Parlamento de Galicia e que conteña datos desagregados por áreas sanitarias e servizos así como por clínicas de destino dos pacientes. Este informe debería incluír, ademais, os tempos de espera medios dos pacientes que rexeitan a derivación en comparación con aqueles que si o fan.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41255
Data envio: 16/09/2022 16:24:19.679

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/09/2022 16:22:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2022 16:22:54

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 16:45:15
Nº Rexistro: 41256
Data envio: 16/09/2022 16:45:15.038

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 14 de setembro, sobre a situación sanitaria en Galiza, especialmente da atención primaria (doc. núm **39779**, [**11/INT-001958**]).

Moción

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a súa política sanitaria e a poñer en marcha de inmediato un novo modelo de Atención Primaria que garanta a atención sanitaria á poboación, no inmediato:

1.- Realizar un estudo urxente sobre as consecuencias en termos de morbilidade e mortalidade na poboación galega dos déficits na atención sanitaria (PACs con profesionais moi por debaixo do establecido ou sen médic@s, profesionais sen substituír, prazas vacantes, déficit de ambulancias...

2.-Aumentar nos orzamentos da Xunta para o 2023 como mínimo o 2.2% (máis de douscentos millóns de €) para chegar á media do Estado, até ir aproximándose ao 25%, na actual lexislatura.

3.- Aumentar e dar estabilidade aos cadros de persoal para que teñan tempo para @s doentes, rematar coa precariedade e explotación nas condicións laborais, para garantir calidade asistencial e que traballar e conciliar non sexa misión imposíbel.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 16:45:15
Nº Rexistro: 41256
Data envio: 16/09/2022 16:45:15.038

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais .

5.- Incorporar categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas... nas que existen profesionais para poder ser contratad@s

6.- Remensionar o servizo de ambulancias, tanto no ámbito territorial como de recursos, para rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes. Contemplando:

- A dotación de ambulancias de SVA en comarcas deficitarias como Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras... de forma que se adapten ás necesidades poboacionais e de asistencia.

-O reforzamento do servizo de emerxencias extrahospitalarias con máis ambulancias zonas deficitarias.

7.- Iniciar todas as actuacións precisas para solicitar do Goberno español a transferencia de todas as competencias relacionadas cos programas de formación MIR, EIR, PIR...

8.- No inmediato, garantir a capacidade e calidade docente para atender a formación d@s profesionais MIR, EIR, PIR:

- Realizar un censo dos centros de saúde acreditados ou con condicións para selo, tanto en espazo, recursos como profesionais.

- Cubrir todas as vacantes con persoal que vaia estar os catro anos da formación non centros docentes.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 16:45:15
Nº Rexistro: 41256
Data envio: 16/09/2022 16:45:15.038

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Aprobar o Estatuto de Titoría de Formación e incentivar a figura da titoría, con estímulos profesionais, tempo para a actividade no horario laboral e oferta de formación.

-Comprometer nos orzamentos da Xunta para 2023 as partidas suficientes para a formación."

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2022 16:43:26

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2022 16:43:39

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:50:44
Nº Rexistro: 41267
Data envio: 19/09/2022 10:50:44.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a elaboración e aprobación da Estratexia Atlántica de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada pola importancia de acadar acordos sobre as relacións estratéxicas entre Galiza e Portugal e pola próxima celebración da cimera hispano-lusa en Viana do Castelo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal é unha realidade histórica, cultural, social e económica incuestionábel e de enorme potencial. Con 6,5 millóns de habitantes, por riba de Estados como Dinamarca, Finlandia ou Irlanda, representa o 13% da poboación da península Ibérica. Trátase dunha área que comparte infraestruturas

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:50:44
Nº Rexistro: 41267
Data envio: 19/09/2022 10:50:44.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estratéxicas, con factores de dinamismo económico e social, e na que existen alianzas institucionais, sobre todo no ámbito dos concellos transfronteirizos, que están a impulsar proxectos de cooperación e desenvolvemento. Tamén existen carencias, eivas e demandas históricas que están pendentes de cumprimento.

A cooperación no ámbito da eurorrexión, que debe dar moito máis de si, non pode entenderse como un límite. Non pode actuar como un obstáculo á profundización das relacións entre Galiza e Portugal. A conexión atlántica Galiza-Lisboa debe ser a grande aposta de futuro do noso país no institucional, no cultural, no económico, no tecnolóxico e nas infraestruturas. Unha alianza destas características é estratéxica para o interese mutuo das partes, mais tamén para actuar como contrapeso aos intereses mesetarios e mediterráneos que prevalecen no Estado español.

O pasado ano 2020 a *Cambridge Journal* da *Oxford University Pres* publicou un estudo de Florida, Gulden e Mellander sobre 40 megarrexións mundiais clasificadas pola súa poboación, PIB e número de patentes. Nestes 40 nodos inclúese a megarrexión que vai desde Lisboa a Galiza, xunto con outras dúas megarrexións ibéricas, a de Madrid e a mediterránea Barcelona-Lyon.

Este estudo pon de relevo a enorme potencialidade do espazo atlántico galego-portugués e o interese estratéxico que ten para Galiza. Un interese que ten que acompañarse de decisións no ámbito político e de alianzas institucionais. Para Galiza é esencial non perder este tren, porque o noso futuro está en grande medida vencellado ao éxito desta iniciativa estratéxica.

Un dos elementos centrais desta aposta atlántica ten que ser a conexión por medio dun ferrocarril do século XXI entre Lisboa e Coruña-Ferrol, que debe constituírse no prazo de menos dunha década na grande arteria da mobilidade e das

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:50:44
Nº Rexistro: 41267
Data envio: 19/09/2022 10:50:44.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Mais o alumnado de concellos limítrofes ou próximos tamén ten dereitos. E así o transporte escolar vén de Sobrado dos Monxes e cando chega a Teixeiro xa está cheo. E o condutor vese na delicada situación de seleccionar quen sobe e quen non. E non o fai, non pode nin quere.

Este problema de escolla é común a moitos concellos do rural. Se hai sitio si. Se vives nun concello que ten IES, se sobran prazas no transporte, pois si. Se naciches nun concello máis rural, máis alonxado, pois os teus pais teñen dúas solucións, buscarse a vida e levarte, alugar un taxi entre varios, xogarse o futuro e turnarse con outros e levalos en xunto ou buscar casa na vila onde estexa o centro ou ir para a cidade. E os riscos ? E a conciliación? E o traballo dos dous cónxuxes? E..?

E claro, logo o discurso do goberno sobre a prioridade do rural, os impostos cero no rural ...os que?

Por todo o argumentado anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta a:

-Ampliar de inmediato o servizo de transporte escolar de Curtis a todo o alumnado de ensino non universitario para dar cobertura aos alumnos e alumnas de bacharelato e FP da contorna e para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado do rural.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 17:38:24
Nº Rexistro: 41034
Data envio: 14/09/2022 17:38:24.440

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ampliar o servizo de transporte escolar gratuíto a todo o ensino non universitario en todo o País.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/09/2022 17:36:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/09/2022 17:36:32

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41041
Data envio: 14/09/2022 19:16:21.591

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á reapertura do consultorio de Parga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 26 de marzo do ano 2020 a dirección da EOXI Lugo, Cervo e Monforte comunícalle ao Concello de Guitiriz que, ante a crise sanitaria que se estaba a vivir por mor da expansión do Coronavirus, o servizo de atención primaria no municipio de Guitiriz se ía centralizar no Centro de Saúde da capital do concello.

Informaron tamén de que o consultorio de Parga permanecería pechado mentres durara o Estado de Alarma, recuperando o servizo cando se restablecera a normalidade. O fundamento para este peche viña determinado pola imposibilidade de establecer o dobre circuíto de circulación de doentes determinado polo protocolos de prevención Covid.

Isto supuxo o traslado de 1500 pacientes que se atendían neste centro médico a Guitiriz, que pasaba a atender arredor de 5000 pacientes. Esta decisión tivo unha serie de consecuencias que afectaron a varios ámbitos da vida das persoas, dende a vertente socioeconómica ata a de saúde.

Unha vila como Parga viuse afectada pola falta de afluencia de persoas que dá como resultado a perda de actividade económica e polo tanto cun resultado negativo para a pervivencia da Vila. Tamén tivo repercusión sobre a asistencia sanitaria xeral xa que o

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41041
Data envio: 14/09/2022 19:16:21.591

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CS de Guitiriz viu incrementados o número de usuarios que acudían a el e polo tanto, incrementábanse tanto as cargas de traballo como os riscos de contaxio, mais non se modificou a decisión.

Como é coñecido a estas alturas a poboación xuntouse para reivindicar a apertura do Consultorio, que consideran imprescindible para dar satisfacción ás necesidades de asistencia sanitaria das persoas que tiñan como referencia ese consultorio.

Parece que por parte da Dirección da EOXI había unha decisión firme para o peche, dado que das múltiples solucións que a sociedade de Parga lles propuxo ningunha foi aceptada a pesares de seren todas elas viables e razoables.

Dous anos e varios meses despois, dende a Xerencia volveron prometer a inminente apertura do Consultorio de Parga pero a estas alturas do mes de setembro non hai traza de que cumpran coa súa promesa.

Podería ser procedente quizá que se aproveitara para adaptar esta infraestrutura para futuros requirimentos derivados de outras potenciais pandemias, pero nin sequera iso, o centro está pechado sen movemento algún.

Estamos recuperando normalidade e é preciso que isto se traslade a tódolos ámbitos da vida, incluída unha asistencia sanitaria de calidade, universal, e de proximidade que é a maneira de que sexa accesible en igualdade de condicións para tódalas persoas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41041
Data envio: 14/09/2022 19:16:21.591

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta ao goberno galego a acometer cantas accións sexan precisas para a apertura á maior brevidade posíbel do centro de saúde de Parga, coas instalacións e o persoal adecuados para atender coa máis alta calidade asistencial á poboación do ámbito de influencia dese consultorio."

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2022 19:14:13

María del Carmen Aira Díaz na data 14/09/2022 19:14:17

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2022 19:14:28

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:26:11
Nº Rexistro: 41049
Data envio: 15/09/2022 10:26:11.611

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Begoña Freire Vázquez, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Rubén Lorenzo Gómez** e **Belén Salido Maroño,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España, ao igual que continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior.

Galicia tampouco é allea a ese fenómeno. Os medios de comunicación facíanse eco recentemente dun informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que cifraba en 600 vivendas as ocupadas en Galicia, cun incremento do 15,3 % respecto do ano anterior, concluíndo que a usurpación e violación de vivendas constitúe un grave problema social.

A vivenda protéxese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación («okupación», como popularmente se coñece a estas accións ilegais), tanto desde a perspectiva penal como civil e administrativa. A ocupación, en efecto, é a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilexítima e ilegal, en contra da vontade do propietario ou posuidor con título ou dereito.

O Código Penal contén, en primeiro lugar, o delito de usurpación no artigo 245 CP, como medida evidentemente desalentadora do movemento da denominada ocupación (en palabras da Sentenza do Tribunal Supremo 720/2018, de 13 de decembro de 2018).

Esta resolución tamén indica que «concorrendo espazos de protección superpostos» a vivenda protéxese na vía civil «a través dos procesos “sumarios” de protección do dereito real inscrito (art. 250.1.7 LAC en relación co artigo 41 LH), interditais (art. 250.1.4 LAC en relación co 446 CC) ou do desafiuzamento por precario (con forza de cousa xulgada, e por ilo con plenitude de coñecemento e medios probatorios, relativo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ao ámbito posesorio de cuxa recuperación se trata), con fundamento no dereito á posesión real do titular, coas consecuentes facultades de exclusión e de recuperación posesoria, derivados do CC e da LAC (sen que poida opoñerse a posesión clandestina e sen coñecemento do posuidor real que, conforme ao art. 444 CC non afectan á posesión)»

A defensa contra actos que perturben a posesión dun inmoble destinado a vivenda que se conten no mencionado artigo 250.1.40 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, foi modificado pola Lei 5/2018, do 11 de xuño, con resultados moi positivos en canto ao acurtamento de prazos e axilización de procedementos, cun tratamento especial do xuízo verbal para o exercicio do interdito de recobrar a posesión, permitindo pedir a inmediata recuperación da plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se vira privada dela sen o seu consentimento a persoa física que sexa propietario ou posuidor lexítimo por outro título e as entidades sen ánimo de lucro con dereito a posuír a vivenda e as entidades públicas propietarias ou posuidoras lexítimas de vivenda social.

En terceiro lugar, a vivenda protéxese administrativamente a través da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá na que se recolle como infracción leve no artigo 37 do seu texto a ocupación de calquera inmoble, vivenda ou edificio alleo, ou a permanencia neles, en ambos os casos contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre o mesmo, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito a vivenda (que é un principio reitor do artigo 47 CE) e o dereito á propiedade privada sen esquecer a función social determinada legalmente desta (que é un verdadeiro dereito contido no artigo 33 CE, no Capítulo Segundo do Título Primeiro, referente aos dereitos e liberdades, que se sitúa entre os «dereitos e deberes dos cidadáns» da Sección 2.a).

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben xurídico a protexer que ata o de agora non tivo a debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas. Trátase de situacións, moi comúns, en que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do titular da mesma prodúcese comportanto unha alteración da convivencia veciñal, é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor lexítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento xurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instalan os ocupantes ilegais. Ás veces pola ruptura das normas de réxime interno de

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que sí conviven con títulos xurídicos. As duras consecuencias non só para a propiedade, senón para a seguridade que ten a ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento xurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso únese un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, quedou ata o de agora sen mención xurídica.

En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de fragrante delito, e no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles con pensas de entre 3 e 5 anos para que se poidan tomar medidas cautelares; asi como a imposibilidade de que se poidan empadroar e ter acceso a determinados beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

Así como deslindar con claridade as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social, co fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un okupa non se lle desafiuza, desalóxase, e ao vulnerable protéxeselle, sen que o Estado traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún de estes dous casos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a que proceda a:

1.- Modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas no caso de ocupación da vivenda ou inmoble, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos.

2.- Incluír novas medidas procesuais na Lei de Axuizamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmoble co obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento. Proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía.

3.- Modificar a Lei 49/1960 sobre propiedade horizontal para que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:26:11
Nº Rexistro: 41049
Data envio: 15/09/2022 10:26:11.611

grupo parlamentario popular de galicia

procesos de recuperación da vivenda en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

4.- Incluír un novo apartado no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.

Así como solicitar que esta inscrición se considere nula e non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin se lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tiveran coñecemento dilo.

5.- Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas".

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:26:11
Nº Rexistro: 41049
Data envio: 15/09/2022 10:26:11.611

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/09/2022 10:22:54

Freire Vázquez, María Begoña na data 15/09/2022 10:23:10

María Sol Díaz Mouteira na data 15/09/2022 10:23:25

Carmen María Pomar Tojo na data 15/09/2022 10:23:40

José Manuel Balseiro Orol na data 15/09/2022 10:23:59

Ramón Carballo Páez na data 15/09/2022 10:24:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/09/2022 10:24:34

María Belén Salido Maroño na data 15/09/2022 10:24:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 11:26:31
Nº Rexistro: 41084
Data envio: 15/09/2022 11:26:31.330

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A aprobación cun gran consenso da Lei orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (8/2021, do 4 de xuño, LOPIVI) supón unha oportunidade para que nenas, nenos e adolescentes que asisten aos centros educativos conten coa maior protección fronte a calquera tipo de violencia en todos os ámbitos da súa vida. Nos centros educativos a nova figura profesional do coordinador/a de benestar e protección será a encargada de aglutinar capacidades
e recursos para velar polo dereito á protección integral da infancia. Esta Lei de protección da infancia fronte á violencia recolle, por tanto, a obriga de ter coordinadores en todos os centros educativos onde haxa menores de idade. Os centros deberán segundo o marco legal explicitar unha política clara que describa a forma en que se compromete a previr e responder adecuadamente e a establecer de forma clara as responsabilidades e expectativas con respecto ao seu persoal. Na nosa comunidade e co comezo do curso en marcha nada se sabe da aplicación da lei e desta figura do coordinador de benestar, figura obrigatoria e non hai ningunha indicación clara desde a Consellería de como vai instaurarse.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e dar cumprimento desde este curso á Lei orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (8/2021, do 4 de xuño, LOPIVI) establecendo un diálogo cos centros educativos para acordar as mellores condicións para a súa aplicación en canto a recursos humanos, económicos e organizativos.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 11:26:31
Nº Rexistro: 41084
Data envio: 15/09/2022 11:26:31.330

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 15/09/2022 11:24:40

Marina Ortega Otero na data 15/09/2022 11:24:55

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 11:25:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 11:25:17

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:30
Nº Rexistro: 41088
Data envio: 15/09/2022 12:03:30.489

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e da deputada **Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cumpra a lei e responda ás solicitudes de información dos deputados do Parlamento galego a través do mecanismo do artigo 9 do Regulamento da Cámara, en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo actualmente vixente establece o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente escollidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

O dereito á participación política implica a potestade lexislativa, como o impulso e control da acción de goberno para o que a representación da cidadanía ten recoñecida a posibilidade de demandar información do Goberno e dos seus departamentos, xa sexan do Estado, como das Comunidades Autónomas ou tamén das Entidades Locais.

A potestade da representación democrática da cidadanía para solicitar información do goberno e da administración pública configura o núcleo básico e esencial da actividade parlamentaria que ten como unha das súas finalidades o control da acción do goberno.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:30
Nº Rexistro: 41088
Data envio: 15/09/2022 12:03:30.489

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este dereito de configuración legal está recollido, por exemplo no artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza no que se regula, por unha banda, a facultade dos deputados e deputadas de solicitar das administracións públicas "os datos, informes e documentos que consten en poder destas"; e por outra, o deber da Xunta de Galiza de facilitar, nun prazo de 30 días, a información e documentación solicitada pola representación da cidadanía, agás existan razóns fundadas en Dereito que o impidan.

Pola contra, a realidade é ben diferente, xa que o goberno galego incumpre de xeito constante o regulamento ao non entregar nin en tempo nin en forma os documentos solicitados a través do artigo 9.

A día de hoxe o goberno do Partido Popular ten sen responder 795 artigos 9, dos cales 419 son do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego. Porén, isto non é o máis grave, xa que 43 deses 419 artigos 9 son do ano 2020 e 343 teñen un atraso de máis de un ano, a pesar de que a Xunta de Galiza ten como máximo 30 días para entregalos. Todo isto supón que o BNG teña un 75% dos artigos 9 sen respostar.

Asemade, as escasas ocasións na que a Xunta de Galiza ten a ben atender os requirimentos efectuados dende o Parlamento non quere dicir que se dera cumprida satisfacción ás demandas de información, pois non é infrecuente que a "contestación" sexa para transmitir información parcial ou mesmo para indicar, ás veces inxustificadamente, que non se pode facilitar a información requirida.

O incumprimento sistemático do deber de información supón a vulneración dun dereito fundamental que conforma un dos piares do actual sistema democrático, evitando, ao tempo, a detección e persecución de prácticas irregulares ou mesmo eventualmente constitutivas de delito.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:30
Nº Rexistro: 41088
Data envio: 15/09/2022 12:03:30.489

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, de conformidade coa legalidade vixente e con pleno respecto ao dereito fundamental de participación, atenda os requirimentos de información e/ou documentación solicitados por este Parlamento, respondendo á documentación solicitada coa maior brevidade.

Asemade, o Parlamento galego acorda por resolución actuar, mesmo na vía xudicial, adoptando as accións oportunas para evitar a vulneración do dereito dos deputados e deputados a obter información e/ou documentación da Xunta de Galiza que permita exercer o control da acción de goberno."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:30
Nº Rexistro: 41088
Data envio: 15/09/2022 12:03:30.489

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 11:59:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/09/2022 11:59:58

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2022 12:00:09

Daniel Castro García na data 15/09/2022 12:00:19

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:41
Nº Rexistro: 41113
Data envio: 15/09/2022 13:03:41.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e da deputada **Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao contrato actualización censo do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2021 a Xunta adxudicou o contrato para a realización dun estudo poboacional do lobo ibérico en Galiza. O contrato, cunha dotación económica de 63.000 euros, tiña un prazo de execución de 10 meses.

Segundo o anuncio de licitación "O obxecto desta contratación é a mellora e actualización periódica do coñecemento sobre as poboacións de lobo en Galicia, principalmente no relativo á súa evolución e tendencia (os últimos datos do censo de lobo ibérico en Galicia correspóndense ao período 2013- 2015), o que permitirá levar a cabo un mellor seguimento sobre a especie e a aplicación destes coñecementos á zonificación e xestión da mesma".

Transcorrido un ano e tres meses desde a adxudicación do contrato non hai ningunha información ao respecto, o que chama poderosamente a atención pola hiperactividade da consellaría de medio ambiente na súa campaña contra o lobo.

Desde o BNG consideramos de máximo interese coñecer a información deste estudo, pola súa relevancia na toma de decisións en relación co plan de xestión, a estratexia e as axudas polos danos provocados polo lobo.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:41
Nº Rexistro: 41113
Data envio: 15/09/2022 13:03:41.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o G.P. do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta a:

1. Facer público o estudo poboacional do lobo cuxo contrato foi asinado en maio de 2021 e que tiña un prazo de execución de 10 meses, e se os resultados respaldan que a súa poboación se atopa nunha situación favorable nas catro provincias.

2. Facilitar a aprobación da Estratexia Estatal para a Convivencia das Actividades do medio Rural co Lobo (Canis lupus) e a súa Conservación", ao amparo do LESRPE (Orden TED/980/2021), necesaria para acceder de inmediato ás dotacións orzamentarias para favorecer a conservación do lobo e fomento da gandaría en extensivo e da dinamización do rural, de maneira que recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas. Neste contexto, a Xunta demandará a transferencia de partidas extraordinarias e suficientes para a conservación do lobo, e para medidas de prevención, compensación e indemnización que favorezan a convivencia entre a especie e o gando.

3. Facilitar a aprobación de dita Estratexia para impulsar de modo inmediato un novo plan de xestión do lobo desenvolvendo como primeira medida un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do plan anterior."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:41
Nº Rexistro: 41113
Data envio: 15/09/2022 13:03:41.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2022 12:50:57

Paulo Ríos Santomé na data 15/09/2022 12:51:01

Alexandra Fernández Gómez na data 15/09/2022 12:51:07

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:49:51
Nº Rexistro: 41136
Data envio: 15/09/2022 13:49:51.986

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o Proxecto de Humanización da contorna da Igrexa Parroquial de Santa María da Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varios meses que no Concello da Guarda realizouse unha actuación de remodelación e renovación do mobiliario na contorna da Igrexa Parroquial de Santa María.

Naquel entón, na resolución do expediente número 2020/1687 da DX de Patrimonio, sinalábase no apartado de consideracións legais o seguinte:

"Sendo unha actuación de remodelación e introdución de elementos de mobiliario e xardinaría, semella máis acaído, neste intre procedimental, a formulación dun informe que favoreza a corrección do proxecto de cara a súa formulación e autorización definitivas achegando documentación histórica que facilite elementos de xuízo determinantes para iso".

Así mesmo, no apartado resolutivo informaba "favorablemente á execución das obras descritas no proxecto de humanización do contorno da Igrexa parroquial de Santa María da Guarda na praza da Igrexa e rúa Vicenta Rodríguez Cachada, sempre que se adapten ás condicións recollidas nos puntos 25, 26 e 27 dos antecedentes e consideracións técnicas desta resolución."

Cando se analiza o formulado no punto 27 dos antecedentes e consideracións técnicas podemos observar o seguinte: "O Consello Asesor dos Camiños de Santiago, en xuntanza do 22.12.2020, asume o contido dos ditos informes técnicos e emite un ditame desfavorable ao solicitado, entendendo que só sería compatible a actuación coa apreciación

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:49:51
Nº Rexistro: 41136
Data envio: 15/09/2022 13:49:51.986

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do territorio histórico se se reduce a proliferación de elementos de mobiliario e xardinaría e se desafoga ambientalmente o espazo inmediato ao petróglifo cun tratamento natural e respectuoso co elemento".

Mais a pesar do que se establecía neste último punto de preceptivo cumprimento, as obras de humanización da contorna da Igrexa parroquial de Santa María da Guarda realizáronse presuntamente, e tal e como denuncia a veciñanza, sen que estas condicións requiridas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, se contemplasen.

Por todo isto, e trala incerteza xerada, demandouse no seu momento un informe da DX de Patrimonio para determinar o impacto destas actuacións e para informar se se estaba a cumprir coa normativa. Información que ata o día de hoxe non se achegou.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a emitir nun prazo non superior a dous meses un informe no que se verifique o cumprimento da legalidade nas obras realizadas na contorna da Igrexa parroquial de Santa María da Guarda."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:49:51
Nº Rexistro: 41136
Data envio: 15/09/2022 13:49:51.986

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/09/2022 13:39:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/09/2022 13:40:00

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:54
Nº Rexistro: 41152
Data envio: 15/09/2022 17:01:54.256

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do transporte escolar na comarca de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os dous últimos trimestres do curso escolar 2021/2022 estiveron marcado por numerosas problemáticas referidas ao funcionamento do transporte escolar. Após o cambio na concesionaria do servizo, a comezos do presente ano, foron múltiples as denuncias por todo o País por atrasos, cambios nas paradas e outras cuestións derivadas dun mal funcionamento do servizo.

Mais o certo é que estes problemas persisten unha vez comezado un novo curso escolar. O pasado 8 de setembro volveron ás aulas as estudantes do ensino obrigatorio en Galiza, e con el, o mal funcionamento dos autobuses para achegalas aos centros de ensino. E lonxe de limitarse a un problema conxuntural circunscrito ao día de inicio do curso, unha semana máis tarde constatamos a súa persistencia.

Estes problemas engloban atrasos nos autobuses, o que supón que o alumnado chegue despois da hora de comezo das aulas ou que teña que agardar fóra dos centros unha vez rematada a xornada; non realización das paradas estipuladas, co que son moitas as familias que teñen que buscar alternativas para levar aos centros a estas estudantes; ou incluso a utilización de vehículos que non se adaptan ao volume de estudantado que deben transportar, coa consecuencia de que haxa persoas que viaxan de pé ou sentadas

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:54
Nº Rexistro: 41152
Data envio: 15/09/2022 17:01:54.256

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas escaleiras co risco que supón para a súa propia seguridade. Problemáticas que se repiten en centros de ensino tanto de educación primaria coma secundaria, e de igual xeito nos centros do concello de Santiago de Compostela coma noutros da contorna, como sucede en Teo, Ames ou na Baña.

A Federación de ANPAs de Compostela xa fixo a súa correspondente denuncia, así como ANPAs e centros a nivel individual, recollendo as múltiples deficiencias que presenta este servizo. Cómpre ter presente que o transporte escolar é un servizo fundamental para o ensino público, favorecendo a súa democratización e a conciliación das familias, sobre todo nun contexto dunha importante dispersión xeográfica. Máis aínda cando o transporte público na Galiza presenta múltiples carencias, cunha precaria rede ferroviaria sen servizo de cercanías e cun transporte por estrada moi debilitado e que repite as queixas que se constatan no escolar.

Todas estas circunstancias súmanse a un curso escolar que comeza marcado pola diminución dos cadros de persoal nos centros de ensino, nomeadamente do profesorado, o que traerá consigo unha sobrecarga nas profesionais así como unha deterioración da calidade de ensino público.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Resolver de inmediato todas as incidencias que está a presentar o transporte escolar na comarca de Compostela e garantir o seu correcto funcionamento.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:54
Nº Rexistro: 41152
Data envio: 15/09/2022 17:01:54.256

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º.- Realizar un informe que será presentado no Parlamento no que se recollan as incidencias notificadas sobre o eivas no transporte público desde o comezo do presente curso escolar, así como as actuacións que ten levado a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de inspección e sanción á empresa concesionaria."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/09/2022 16:54:00

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 16:54:11

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:13:59
Nº Rexistro: 41160
Data envio: 15/09/2022 17:13:59.075

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

Os recentes informes feitos públicos polo Consello de Contas de Galicia fiscalizan, entre outros aspectos da contabilidade da Xunta de Galicia, o funcionamento económico do Sergas. Ademais das consideracións gravísimas das que alertan, sobre a opacidade das contas e da imposibilidade de ser sometidas a un control financeiro polas irregularidades no formato de presentación (cuestión que é repetida ano tras ano polo Consello de Contas e que sobre a que o goberno de Galicia fai ouvidos xordos), estes informes presentan algúns datos preocupantes sobre posibles irregularidades financeiras na xestión da sanidade galega.

Con respecto á contratación menor, sistema que evita a publicidade e os procedementos de concurso para poder asignar de maneira directa un contrato, os datos respecto do Sergas son alarmantes pois supón en torno ao 85 % de toda a contratación por este formato de todo o Goberno. Este abuso do sistema para poder adxudicar de maneira directa e sen competitividade de mercado supuxo, no período analizado 2012-2017 (son os datos de que dispón o Consello de Contas) máis de 600 millóns de euros, sendo o total do Goberno en torno a 725 millóns.

Ademais do dato global, é necesario apuntar que o Consello de Contas detecta que un 59 % dos contratos (3 de cada 5, de maneira global) estendeuse a prestación ou servizo contratado sen existir soporte contractual e máis alá de toda prórroga legal posible, sen explicar as argumentacións de por que se produce esta ilegalidade, o que provoca o uso irregular de moitos millóns de euros (na mostra analizada polo Consello supéranse os 40 millóns). O propio informe sinala que en torno ao 30 % do gasto é irregular e contrato á normativa contractual (artigo 29 da Lei de Contratos do Sector Público).

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:13:59
Nº Rexistro: 41160
Data envio: 15/09/2022 17:13:59.075

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1. Reduza o abuso da contratación menor no eido da Consellería de Sanidade, para axeitala aos estándares naturais e ao seu uso excepcional e non estrutural, tal e como recomenda o Consello de Contas de Galicia.

2. Comprometer a total colaboración co Consello de Contas realizando as modificacións necesarias para poder facilitar o control financeiro, implantando un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública, así como a seguir as recomendacións da información que é necesario facer pública sobre a súa xestión económica.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2022 17:04:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2022 17:04:39

Marina Ortega Otero na data 15/09/2022 17:04:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:05:00

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:15
Nº Rexistro: 41176
Data envio: 15/09/2022 18:00:15.867

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela** e **Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

O pasado día 8 de setembro coincidindo co inicio do curso escolar moitos alumnos e alumnas do IES de Poio quedaron plantados nas paradas do bus escolar ao non pasar por estas o autobús que tiña que achegalos ao seu centro e o que obrigou a que tiveran que buscar con rapidez medios alternativos de desprazamento.

O servizo de transporte escolar desenvolvido pola empresa Monbus en base a un convenio coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade planifícase en base a unhas propostas de itinerarios que remiten os IES tras a formalización das matrículas, onde figuran os/as alumnos/as que usarán este servizo e as paradas necesarias.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. É por iso que a maior parte da comunidade escolar emprega este servizo público.

Ao Grupo Parlamentario Socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na da organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias, afectadas por eses atrasos continuos ou por non estar dispostas a que os seus fillos e fillas teñan que agardar na rúa por un transporte que ou chega tarde ou non chega.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte que neste caso lle corresponde a Monbus.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:15
Nº Rexistro: 41176
Data envio: 15/09/2022 18:00:15.867

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir o cumprimento íntegro do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte no Concello de Poio para garantir o normal funcionamento do curso escolar e que non volvan a darse estas situacións.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/09/2022 17:35:46

Noelia Otero Lago na data 15/09/2022 17:35:55

Patricia Otero Rodríguez na data 15/09/2022 17:36:03

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 17:36:14

Eduardo Ojea Arias na data 15/09/2022 17:36:26

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:15
Nº Rexistro: 41176
Data envio: 15/09/2022 18:00:15.867

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:36:34

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:03
Nº Rexistro: 41187
Data envio: 15/09/2022 18:02:03.210

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

No ano 2019 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda investiu máis de 500.000 € na rehabilitación e recuperación integral do complexo termal Baños de San Xusto, sito a beira do río Lérez na parroquia de San Xurxo de Sacos, concello de Cerdedo-Cotobade.

Estas obras remataron no mes de abril do ano 2021, sen embargo o rexedor municipal manifestou que o balneario non podería abrir ao público ata que a Consellería de Sanidade e a de Industria non regularizaran as súas augas medicinais.

Posteriormente no mes de febreiro deste ano anunciouse dende o Concello o resultado positivo dos informes elaborados en relación á calidade das augas e a intención de solicitar á Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia a condición de mineiro medicinal e termal das augas para poder empezar a funcionar en primavera.

Sete meses despois, este complexo segue pechado á espera desa regularización e legalización das augas e dende o Grupo Socialista xa non sabemos se é por unha escusa do rexedor ou por desleixo da Xunta de Galicia. O que si está claro é que ano e medio despois da finalización dunha obra cofinanciada que supuxo un investimento millonario tanto para a Xunta de Galicia coma para o Concello, este balneario aínda estea pechado.

Dende o Grupo Socialista instamos a Administración competente a que poña en funcionamento ou facilite a apertura deste complexo termal coa maior celeridade xa que non se pode deixar abandonada unha infraestrutura histórica tras un investimento dese calibre.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:03
Nº Rexistro: 41187
Data envio: 15/09/2022 18:02:03.210

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Este comportamento o que reflexa é a falta de consideración deste goberno do PP cara o diñeiro público, e o uso partidista do mesmo, xa que prioriza os grandes investimentos e anuncios grandilocuentes sobre os mesmos que o beneficio económico e persoal que estes poidan supoñer..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Resolver con urxencia a certificación que acredite a condición mineiro medicinal e termal das augas do balneario de San Xusto na parroquia de San Xurxo de Sacos no concello de Cerdedo-Cotobade.

1. Dirixirse ao Concello para que proceda a súa rápida apertura por tratarse dun reclamo turístico e unha fonte de ingresos para esta zona e para evitar o risco de deterioro do inmoble derivado do abandono.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:03
Nº Rexistro: 41187
Data envio: 15/09/2022 18:02:03.210

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/09/2022 17:56:04

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2022 17:56:12

Patricia Otero Rodríguez na data 15/09/2022 17:56:21

Eduardo Ojea Arias na data 15/09/2022 17:56:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:56:42

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:30
Nº Rexistro: 41191
Data envio: 15/09/2022 18:02:30.241

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia aprobaba en 2017 o decreto 12/2017 polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico (VUT) en Galicia, na que recoñece a necesidade de regular este último tipo de aloxamento dada a súa proliferación na nosa comunidade autónoma e "debido ao seu impacto e a competencia desleal que supón respecto do aloxamento turístico regulado".

A falla de datos oficiais contrastados e actuais, calcúlase que en Santiago de Compostela hai na actualidade preto de 1.000 VUT, todas elas inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT) pero só o 10 % conta coa habilitación municipal preceptiva. Porque hai que lembrar que o texto lexislativo aprobado hai cinco anos establece que son os municipios, con competencias urbanísticas, os que teñen a facultade de establecer requisitos ou permisos previos que sexan de aplicación para empezar a operar.

O mencionado decreto 12/2017 establece no seu artigo 5 'Concepto de vivenda de uso turístico':

> *4. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística.*
>
> *6. (...) <u>Os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector</u>.*

Xa no seu Capitulo VI dedicado enteiramente a regular este tipo de vivendas, establece que:

> *Artigo 41. Réxime de exercicio da actividade*
>
> *1. Para o inicio da actividade turística na modalidade de vivendas de uso turístico deberá presentarse unha declaración responsable de inicio de actividade (...).*
>
> *Artigo 42. Efectos da presentación*
>
> *1. A presentación da declaración responsable, nas condicións previstas neste decreto, habilita para o desenvolvemento da actividade turística de vivenda de*

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:30
Nº Rexistro: 41191
Data envio: 15/09/2022 18:02:30.241

uso turístico, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas esixidas noutras normas que lles resulten de aplicación.

Esta habilitación para o desenvolvemento da actividade turística non exime o/a propietario/a ou persoa ou empresa que comercialice a vivenda da obriga de obter as autorizacións, permisos, licencias e/o informes que establezan as distintas normativas sectoriais e municipais que lle son de aplicación.

Artigo 43. Inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Atendendo a declaración responsable (...) a área provincial da Axenciade Turismo de Galicia inscribirá de oficio o establecemento no REAT e emitirá un documento que acredite tal inscrición, salvo que se omitisen datos ou documentos de carácter esencial ou se desprenda da declaración que non reúne os requisitos previstos neste decreto para a súa clasificación.

Artículo 44. Resolución

A comprobación polos órganos competentes da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a non presentación da declaración responsable, a non dispoñibilidade da documentación preceptiva, o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos (...).

A Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditará (...) a oportuna resolución (...) e acordará a baixa da vivenda de uso turístico, así como a cancelación da súa inscrición no REAT.

Diante desta normativa, non é comprensible que sexa o mesmo Goberno que a redactou, e en concreto Turismo de Galicia, quen se negue a lle dar cumprimento eliminando do REAT as VUT que non contan coa habilitación municipal. E máis cando existen dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que consideran, ao igual que o concello compostelán, que as VUT son unha actividade económica e por iso precisa dunha licencia municipal previa e que ademais estas vivendas xa estaban reguladas polo Plan especial de Santiago de Compostela do ano 1997.

A Xunta de Galicia non está a cumprir nin coa súa normativa nin coa defensa dun turismo sustentable que preserve a identidade de cada zona turística, neste caso a cidade de Compostela. O Goberno local compostelán non pretende prohibir este tipo de establecementos, senón regulalos precisamente para protexer o interese público e

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:30
Nº Rexistro: 41191
Data envio: 15/09/2022 18:02:30.241

determinar o modelo de convivencia e dun turismo sostible e responsable que a cidade precisa.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego ao efectivo cumprimento do Decreto 12/2017 e a colaborar coas administracións competentes en materia urbanística para lograr un uso axeitado e ordenado das vivendas de uso turístico.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 17:57:41

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2022 17:57:59

Martín Seco García na data 15/09/2022 17:58:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:58:28

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:15
Nº Rexistro: 41199
Data envio: 15/09/2022 18:16:15.917

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A mediados do ano 2019, a Xunta de Galicia anunciou que Osmo no concello de Cenlle se convertería na primeira aldea modelo de Galicia, Ademais da creación dunha franxa secundaria para a prevención de incendios, os gobernos autonómico e local anunciaban a posta en valor do seu territorio cunha empresa que se dedicaría á cría de porco celta ecolóxico, de ovellas, vaca cachena e produción de forraxe para a súa alimentación, que ademais da protección contra o lume, faría que o concello recibise unha renda polo aluguer das terras e a posta en actividade agraria e gandeira do seu territorio para xerar produtos cun selo de calidade e sustentabilidade medioambiental e fomentar o desenvolvemento demográfico.

A realidade é que daquel proxecto de produción agraria só quedan os gastos do concello para a compra de terras e outros gastos financiados pola Xunta de Galicia, nunha consellaría do contrato menor, que xa nos ten afeitos a que estas actuacións non son posibles sen ser a través de adxudicacións directas, sen publicidade nin concorrencia, a única vía de actuación semella a dixital no sentido físico:

• 4.807,57 euros para estacas de madeira tratadas para o peche da Aldea Modelo.
• 4.808,78 euros para malla cinexética galvanizada.
•38.044,82 euros para a execución, peche gandeiro e traballos complementarios.

Resulta curioso o proceder da Consellería do Medio Rural, xa que o contrato menor non pode exceder de 40.000 euros para obras e por un lado semella facturase a obra e por outro os materiais.

Tamén vimos como os gobernos, local e o autonómico, asinaban un convenio para rehabilitar tres edificios tradicionais adquiridos pola Consellería de Medio Rural para un plan piloto de turismo rural, neste convenio comprometíanse 200.000 euros de fondos da Xunta de Galicia para a dita actuación en 2021.

O Goberno local do concello de Cenlle contratou un proxecto para tal fin e sacou a licitación a obra, que a finais de 2021 foi paralizada polo abandono da empresa concesionaria, supostamente por unha adaptación do terreo coa que non contaban e os elevados custos da dita construción, pese a que a empresa concesionaria

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:15
Nº Rexistro: 41199
Data envio: 15/09/2022 18:16:15.917

fixese unha oferta cunha baixada importante do prezo establecido no concurso. O resultado foi que o concello de Cenlle perdeu os cartos dedicados o proxecto e os custes que tivo que aboar a empresa que abandonou o proxecto, unhas decenas de miles de euros que deixan un furado nas contas municipais deste concello.

Despois do fracaso do proxecto de actividade agraria de 2019 e do proxecto turístico do 2021, agora o Goberno galego contrata por suposto a través dun contrato menor, adxudicado a dedo por valor de 18.022,95 euros un plan de dinamización da aldea modelo de Osmo e contrata tamén un proxecto para unha "exposición permanente" por outros 17.738,60 euros, tamén adxudicados a dedo, que cremos que irá na liña do "Gaias" de Sergude, pero a día de hoxe a aldea modelo de Osmo segue a ser un mero anuncio publicitario, malia ser a primeira anunciada e múltiples os cartos perdidos na mala xestión municipal e autonómica de Cenlle e a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a informar da situación actual do proxecto de aldea modelo en Osmo, anunciada en 2019 como primeira aldea modelo de Galicia e os fondos dedicados polas administracións, local e autonómica, ata o día de hoxe.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 14/09/2022 12:31:06

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/09/2022 12:31:22

Marina Ortega Otero na data 14/09/2022 12:31:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2022 12:31:50

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:39
Nº Rexistro: 41201
Data envio: 15/09/2022 18:16:39.027

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o anuncio de novas prazas de escolas infantís municipais por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión de control do mércores 14 de setembro "o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou unha nova liña de investimento para crear en colaboración cos concellos máis de 3.400 novas prazas en escolas infantís, un 11% máis das que existen a día de hoxe, logo da súa aprobación na reunión de mañá do Consello do Goberno galego", como recolle a nota informativa difundida pola propia Xunta.

Ao día seguinte, 15 de setembor, e en reunión do Consello da Xunta, o Goberno galego aprobou o Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de concesión de axudas correspondentes ao Programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS420E). Total: trinta e catro millóns oitocentos corenta e cinco mil corenta e dous euros (34.845.042 €).

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:39
Nº Rexistro: 41201
Data envio: 15/09/2022 18:16:39.027

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na referencia do Consello da Xunta difundida aos medios de comunicación e pendurada no portal web sinálase que se trata dunha "nova liña de axudas dirixida ás administracións locais financiará as prazas creadas desde o 1 de xaneiro de 2021 e ata o 15 de setembro de 2024. Polo tanto, aqueles concellos que desde comezos do ano pasado xa crearan novas prazas e o xustifiquen, poden recibir financiamento. A xustificación da subvención pode realizarse coa construción de novas escolas infantís, coa ampliación das xa existentes ou coa rehabilitación de inmobles que non están a ser de utilidade e aos cales lles poden dar unha nova vida".

Desta maneira, trátase dunha liña de subvencións para que sexan os concellos quen continúen a asumir unha competencia que lles é impropia como é a educación infantil sen ter nin sequera contrastado ou negociado nin o máis mínimo a medida coas administracións locais.

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego queremos lembrar, como xa fixemos en Comisión na última sesión antes de finalizar o anterior período de sesións, que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza está a cargar ás contas municipais unha parte importante da súa política educativa. Sen ir máis lonxe, a gratuidade da matrícula de 0 a 3 anos que no caso das escolas infantís municipais se están a ver agraviadas a respecto das privadas pois os concellos galegos non ven compensada en igual medida a redución de ingresos máis ao contrario, esíxelles un maior esforzo económico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo e negociación cos concellos a través da Fegamp para iniciar, de inmediato, o proceso que

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:39
Nº Rexistro: 41201
Data envio: 15/09/2022 18:16:39.027

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

culmine coa asunción das competencias das escolas infantís municipais por parte do Goberno galego.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2022 18:09:31

María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2022 18:09:44

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 18:09:54

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:51:09
Nº Rexistro: 41268
Data envio: 19/09/2022 10:51:09.467

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a elaboración e aprobación da Estratexia Atlántica de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada pola importancia de acadar acordos sobre as relacións estratéxicas entre Galiza e Portugal e pola próxima celebración da cimera hispano-lusa en Viana do Castelo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal é unha realidade histórica, cultural, social e económica incuestionábel e de enorme potencial. Con 6,5 millóns de habitantes, por riba de Estados como Dinamarca, Finlandia ou Irlanda, representa o 13% da poboación da península Ibérica. Trátase dunha área que comparte infraestruturas estratéxicas, con factores de dinamismo económico e social, e na que existen alianzas institucionais, sobre todo no ámbito dos concellos transfronteirizos, que están a impulsar proxectos de cooperación e desenvolvemento. Tamén existen carencias, eivas e demandas históricas que están pendentes de cumprimento.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:51:09
Nº Rexistro: 41268
Data envio: 19/09/2022 10:51:09.467

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A cooperación no ámbito da eurorrexión, que debe dar moito máis de si, non pode entenderse como un límite. Non pode actuar como un obstáculo á profundización das relacións entre Galiza e Portugal. A conexión atlántica Galiza-Lisboa debe ser a grande aposta de futuro do noso país no institucional, no cultural, no económico, no tecnolóxico e nas infraestruturas. Unha alianza destas características é estratéxica para o interese mutuo das partes, mais tamén para actuar como contrapeso aos intereses mesetarios e mediterráneos que prevalecen no Estado español.

O pasado ano 2020 a *Cambridge Journal* da *Oxford University Pres* publicou un estudo de Florida, Gulden e Mellander sobre 40 megarrexións mundiais clasificadas pola súa poboación, PIB e número de patentes. Nestes 40 nodos inclúese a megarrexión que vai desde Lisboa a Galiza, xunto con outras dúas megarrexións ibéricas, a de Madrid e a mediterránea Barcelona-Lyon.

Este estudo pon de relevo a enorme potencialidade do espazo atlántico galego-portugués e o interese estratéxico que ten para Galiza. Un interese que ten que acompañarse de decisións no ámbito político e de alianzas institucionais. Para Galiza é esencial non perder este tren, porque o noso futuro está en grande medida vencellado ao éxito desta iniciativa estratéxica.

Un dos elementos centrais desta aposta atlántica ten que ser a conexión por medio dun ferrocarril do século XXI entre Lisboa e Coruña-Ferrol, que debe constituírse no prazo de menos dunha década na grande arteria da mobilidade e das relacións económicas. O goberno portugués é plenamente consciente do interese estratéxico deste proxecto,

Xunto coa modernización das comunicacións viarias e ferroviarias, existen outros temas da axenda estratéxica atlántica que deben ser impulsados desde Galiza

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:51:09
Nº Rexistro: 41268
Data envio: 19/09/2022 10:51:09.467

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como o desenvolvemento e cumprimento da Lei Paz Andrade, a promoción do estudo do portugués, a participación de Galiza na CPLP, a creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa, o impulso das relacións culturais e económicas, a cooperación en materia tecnolóxica e de investigación…

O próximo mes de outubro vaise celebrar unha nova cimeira hispano lusa na cidade miñota de Viana do Castelo. Este encontro pode ser unha boa oportunidade para poñer no centro a Estratexia Atlántica galega e para presentar por parte da Xunta e das demais institucións galegas unha axenda de temas prioritarios para as relacións entre Galiza e Portugal.

Xunto cos temas globais, este foro debe impulsar demandas dos concellos transfronteirizos, en materia de infraestruturas materiais e inmateriais. Unha das máis importantes é a creación da Tarxeta de Cidadanía Transfronteiriza, unha proposta que conta con numerosos apoios institucionais e que tamén foi obxecto de acordos parlamentarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar a Estratexia Atlántica Galiza-Portugal e traballar para crear alianzas institucionais, económicas e sociais para impulsala.

2. Incluír na Estratexia Atlántica as seguintes liñas de actuación:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:51:09
Nº Rexistro: 41268
Data envio: 19/09/2022 10:51:09.467

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Impulso das comunicacións ferroviarias, acordando un plan plurianual de investimentos para levalas a cabo. Nesta axenda de infraestruturas terá carácter estratéxico e prioritario a construción do ferrocarril de alta velocidade entre Lisboa e Ferrol para garantir a mobilidade moderna e competitiva das persoas e para o transporte de mercadorías. No referente á conexión por tren entre Vigo e Porto, considérase de máximo interese a construción da saída sur de Vigo e o novo trazado de alta velocidade entre Vigo e o Miño e interésase a súa priorización por parte do goberno central.

-Impulso da rede viaria de comunicacións por estrada e autoestrada, coa aprobación e construción de infraestruturas de comunicación entre Galiza e Portugal que xa foron obxecto de amplos acordos, tanto no Miño como na raia seca.

-Promoción de foros de cooperación no ámbito universitario, científico e tecnolóxico e desenvolvemento de proxectos estratéxicos conxuntos nestas materias.

-Elaboración dun plan de fomento de liñas de investigación conxunta e de nomedamente do rexistro de patentes.

-Fomento da cooperación en materia comercial e económica e creación dunha oficina de asesoramento ás empresas galegas para a promoción das relacións económicas con Portugal e os países lusófonos.

-Desenvolvemento de liñas de cooperación en materia de bioeconomía, biodiversidade e desenvolvemento sustentábel, para impulsar o liderado e atractivo da megarrexión nestas materias.

-Desenvolvemento e cumprimento da Lei Paz Andrade, creación do Observatorio da Lusofonía, negociación da participación activa e directa de Galiza na CPLP e desenvolvemento dun plan de intercambio entre centros educativos e de

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:51:09
Nº Rexistro: 41268
Data envio: 19/09/2022 10:51:09.467

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fomento do ensino do portugués en Galiza co obxectivo de multiplicar por catro o alumnado en cinco anos.

-Elaboración dun estudo para a creación dunha sede permanente de Galiza en Lisboa, coa análise dos ámbitos posíbeis de actuación e os servizos que podería prestar ao tecido económico, social e cultural galego.

3. Iniciar contactos cos gobernos español e portugués así como alianzas con institucións e entidades galegas e portuguesas para o desenvolvemento da Estratexia Atlántica e para impulso da axenda de cooperación entre Galiza e Portugal.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/09/2022 10:28:24

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2022 10:28:47

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:51:09
Nº Rexistro: 41268
Data envio: 19/09/2022 10:51:09.467

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2022 10:29:04

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 16:50:50
Nº Rexistro: 41298
Data envio: 19/09/2022 16:50:50.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á administración da cuarta dose da vacina contra a Covid-19 ás persoas maiores de 80 anos en "vacunómetros".

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes en sede parlamentar a valoración da Xunta e a posición dos grupos parlamentares a respecto desta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas ven de informar de que ten intención de administrar ás persoas maiores de 80 anos a cuarta dose da vacina contra a Covid 19 en centros de vacinación masiva, os chamados "vacunómetros".

Non entendemos esa decisión, cando as tres anteriores doses lle foron administradas nos centros de saúde, coa pandemia moito máis presente e máis dificultades.

O BNG quere mostrar a súa desconformidade con esta medida, consideramos inxustificado obrigar aos nosos maiores, persoas de 80, 85,90 ou máis anos a desprazarse a quilómetros de distancia, co que iso significa tanto no aspecto físico como económico.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 16:50:50
Nº Rexistro: 41298
Data envio: 19/09/2022 16:50:50.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son persoas con problemas de mobilidade, que lles vai obrigar a depender de familiares ou achegados para que @s leven ou pagar o desprazamento en taxi, ida-espera-volta, agardar de pé...

Significa tamén perda de continuidade na atención que se lles presta por parte d@s profesionais que @s atenden nos centros de saúde.

É unha decisión que supón molestias, intranquilidade e gastos económicos para un colectivo que nunha parte moi importante ten unhas pensións moi baixas.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a decisión de administrar a cuarta dose da vacina contra a Covid 19 ás persoas maiores de 80 anos en centros de vacinación masiva "vacunómetros" e manter os circuítos normais de vacinación para @s maiores nos centros de saúde."

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 16:50:50
Nº Rexistro: 41298
Data envio: 19/09/2022 16:50:50.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2022 16:45:28

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2022 16:45:34

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2022 16:45:44

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 16:51:14
Nº Rexistro: 41299
Data envio: 19/09/2022 16:51:14.903

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez** e **Begoña Freire Vázquez,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento da Cámara que sirva de amparo ante os ataques constantes e inxustificados do Goberno central contra a cadea mar-industria de Galicia e a intención de expulsar do litoral toda presenza social e económica sen xustificación técnica algunha.

Exposición de motivos

O Goberno central vén impulsando desde 2018 un conxunto de medidas e reformas normativas aprobadas que teñen o obxectivo de impoñer unha interpretación cada vez máis restritiva da Lei de costas.

Nos últimos meses, destacan os cambios introducidos na duración das concesións no dominio público a través da Lei de cambio climático, ou a modificación o pasado mes de agosto do Regulamento de costas, que elimina totalmente a posibilidade de prórroga extraordinaria para as industrias do mar.

Ao que se suma o Plan Estratéxico Nacional para a Protección da Costa Española considerando os Efectos do Cambio Climático (Plan costa libre), que foi presentado polo Goberno central o pasado mes de xuño e que pretende deixar totalmente libre a costa antes do ano 2045 ao considerar a existencia de ocupacións no dominio público marítimo-terrestre (DPMT) como un problema crítico, motivo polo que Galicia xa alegou e se opuxo publicamente a este documento, con argumentos sólidos e informes de impacto.

Todo este cambio normativo impulsado polo Goberno central pon en perigo a actividade económica e o emprego no litoral galego. Xa que toda a nova normativa de costas vai acabar afectando, tarde ou cedo, a todas as empresas do complexo mar-industria de Galicia asentadas en terreos de DPMT no momento en que teñan que renovar as súas concesións e se topen cos prazos máis curtos establecidos polo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 16:51:14
Nº Rexistro: 41299
Data envio: 19/09/2022 16:51:14.903

grupo parlamentario popular de galicia

Goberno central e coas súas maiores exixencias co obxectivo de retirar calquera vestixio de presenza humana do litoral.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España a:

1.- Derrogación do artigo 20 da Lei de Cambio Climático, que introduce a modificación encuberta dos prazos de concesión.

2.- Derrogación da modificación do regulamento da Lei de Costas, que elimina de facto a posibilidade de prórroga extraordinaria para as industrias do mar.

3.- A tramitación dunha nova Lei de Costas na que se teña en conta a todos os posibles afectados e que estea baseada en criterios obxectivos”.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 16:51:14
Nº Rexistro: 41299
Data envio: 19/09/2022 16:51:14.903

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2022 16:42:09

María Sol Díaz Mouteira na data 19/09/2022 16:42:29

Teresa Egerique Mosquera na data 19/09/2022 16:42:44

Carmen María Pomar Tojo na data 19/09/2022 16:42:59

Ramón Carballo Páez na data 19/09/2022 16:43:19

José Manuel Balseiro Orol na data 19/09/2022 16:43:36

María Belén Salido Maroño na data 19/09/2022 16:43:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/09/2022 16:44:08

Freire Vázquez, María Begoña na data 19/09/2022 16:44:24

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 12:57:42
Nº Rexistro: 40606
Data envio: 09/09/2022 12:57:42.687

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte p**roposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Acaba de comezar o curso escolar 2022-2023 e a ANPA do CEIP Plurilingüe Humberto Juanes de Nigrán denuncia que a Consellería de Educación non nomeou un substituto/a para cubrir a praza de Pedagoxía Terapéutica solicitada pola Dirección do centro.

Esta denuncia é froito dos continuos recortes que se están a producir por parte da Xunta de Galicia nun dos dereitos fundamentais como é a educación. O noso grupo parlamentario queremos unir forzas para loitar por unha educación pública e de calidade. Defendemos a importancia da prestación de servizos públicos de calidade, onde se cubran as necesidades da cidadanía e sobre todo das persoas máis vulnerables. Por estes motivos, o Grupo Parlamentario Socialista unímonos a reclamación da ANPA do centro e esiximos unha resposta urxente por parte do Goberno autonómico para cubrir a vacante en Pedagoxía Terapéutica do CEIP Plurilingüe Humberto Juanes.

Por outra banda, dende a ANPA do Humberto Juanes, tamén protestan porque a Consellería de Educación acaba de nomear a docente substituta dunha praza de Educación Infantil o día 6 de setembro, a titular de dita praza atópase de baixa por maternidade dende o curso pasado, pero a docente substituta non toma posesión ata o 8 de setembro, polo que non pode estar presente nas reunións coas familiar na semana antes de empezar o curso. Demostrando por parte da Xunta de Galicia, con este feito, a falta de vontade política por reforzar e defender a educación pública.

A Consellería de Educación ten que levar a cabo unha educación pública e de calidade para todos os rapaces e rapazas desta vila e por suposto en todos os centros públicos de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 12:57:42
Nº Rexistro: 40606
Data envio: 09/09/2022 12:57:42.687

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cubrir de forma urxente a praza vacante en Pedagoxía Terapéutica para o curso 2022-2023 no CEIP Plurilingüe Humberto Juanes de Nigrán.

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/09/2022 12:48:16

Noelia Otero Lago na data 09/09/2022 12:48:24

Noa Susana Díaz Varela na data 09/09/2022 12:48:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2022 12:48:46

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 12:58:40
Nº Rexistro: 40611
Data envio: 09/09/2022 12:58:40.717

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte p**roposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Os drásticos recortes de persoal por parte da Xunta de Galicia neste curso 2022-2023 implican un significativo aumento de estudantes por aula e, en consecuencia:

- Que o alumnado recibirá unha educación de menor calidade. A lexislación vixente ditan que o profesorado ten a obriga de ensinar de maneira progresiva, adaptándose aos coñecementos previos dos e das estudantes e de avaliar as súas aprendizaxes de maneira individualizada.
- Unha menor atención ás necesidades e particularidades de cada estudante. O profesorado debe aspirar a coñecer aos seus alumnos e alumnas de maneira persoal e humana. Debe colaborar coas familias no amparo dos mozos e das mozas diante dos problemas sociais e emocionais que se viron incrementados polas diversas crises económicas e sanitarias que vimos de padecer e seguimos soportando.
- A desaparición da atención á diversidade. Nas aulas hai rapaces e rapazas con dificultades de aprendizaxe, de recente incorporación e con graves situacións familiares que demandan unha forte implicación emocional e psicolóxica. A política da Xunta de Galicia provoca, desde xa, a desaparición das clases de reforzo para o alumnado que máis o necesita.
- O empobrecemento da docencia dos contidos obrigatorios por lei. A Consellería de Educación obriga, cos seus recortes, a que o profesorado imparta materias nas que non é especialista.
- A redución da optatividade e de posibilidades formativas. A redución de persoal implica a imposibilidade de ofertar materias optativas necesarias para construír itinerarios formativos acordes coas expectativas académicas dos nosos alumnos e alumnas.

A Consellería de Educación recorta catro docentes no IES Auga da Laxe de Gondomar, tres o curso pasado e este o curso 2022-2023 reduce outro docente máis. Trátase dunha medida que repercutirá negativamente na calidade do ensino

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 12:58:40
Nº Rexistro: 40611
Data envio: 09/09/2022 12:58:40.717

e na desatención do alumnado con necesidades específica. O sistema de educación pública é o garante da igualdade e motor da mobilidade social, e que está sendo desmantelado polo Goberno de Rueda.

O centro tiña a necesidade de organizar para este curso tres grupos de 1º de ESO, fronte ós dous grupos de anos anteriores, debido a que case un 60 % do alumnado que este ano teñen nese nivel precisa dalgún tipo de medida de atención á diversidade. Resulta esencial que os rapaces e rapazas Gondomar teñan acceso a unha ensinanza de calidade, facendo necesario fincapé nos alumnos con algún tipo de necesidade especial que precisan de máis docentes para unha atención máis personalizada.

O Grupo Parlamentario Socialista reclama que se aumente o número de profesores e profesoras, porque con estas ratios que quere implantar a Xunta de Galicia , aínda que sexan legais, a atención individualizada ó alumnado vese moi afectada, por non dicir que é practicamente imposible de realizar. A Consellería de Educación está a establecer ratios e condicións de traballo dos tempos anteriores á pandemia da COVID, negando os efectos desta pandemia sobre a poboación en xeral e sobre o alumnado en particular.

A Consellería de Educación ten que levar a cabo unha educación pública e de calidade para todos os rapaces e rapazas desta vila e por suposto en todos os centros públicos de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Restituír eses catro docentes para o curso 2022-2023 no IES Auga da Laxe de Gondomar para ter unha educación de calidade e para que os alumnos e alumnas con necesidades especiais que precisan unha atención máis personalizada a podan ter.
- Conceder o novo Bacharelato xeral e o Bacharelato de Artes para curso próximo no IES Auga da Laxe de Gondomar debido as características xeográficas do Val Miñor e polo seu volume de poboación.

Pazo do Parlamento, 9 de setembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 12:58:40
Nº Rexistro: 40611
Data envio: 09/09/2022 12:58:40.717

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/09/2022 12:52:53

Noelia Otero Lago na data 09/09/2022 12:53:02

Noa Susana Díaz Varela na data 09/09/2022 12:53:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2022 12:53:21

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:43
Nº Rexistro: 40616
Data envio: 09/09/2022 13:16:43.087

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de facilitar o acceso ás axudas do programa do bono alugueiro mocidade a aquelas persoas independentes que compartan piso baixo un contrato de alugueiro común.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Galego de Vivenda e Solo vén de abrir o pasado mes de xullo a convocatoria das axudas do programa do bono alugueiro mocidade. A RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras desta subvención, no seu punto oitavo establece unha serie de límites á renda mensual da vivenda en aluguer que varían en relación co lugar onde se atope a residencia. Así, para as cidades situadas nas zonas de prezo máximo superior o límite da renda que se paga polo aluguer sitúase nos 600€, nos concellos en zona territorial 1 o tope sitúase entre os 500 e 450€ e nos restantes concellos o límite fíxase en 400€ máximos de aluguer mensual.

Esta limitación só ten en conta a localización do inmoble pero non ten en conta outros factores como o número de persoas convivintes e arrendatarias da vivenda nin o número de cuartos dos que dispón a vivenda. De forma que a interpretación que se está a aplicar por parte do IGVS é o mesmo tope de renda mensual para aqueles casos en que a persoa viva soa como naqueles casos en que convivan distintas persoas sen relación de

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:43
Nº Rexistro: 40616
Data envio: 09/09/2022 13:16:43.087

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parentesco nun mesmo piso e sendo ditas persoas arrendatarias da dita vivenda e figurar como tales no respectivo contrato.

Así, por exemplo, unha persoa que viva en Vigo soa nun piso cun aluguer de 550€ podería optar á axuda. Porén un mozo que forme parte dunha unidade de convivencia formada por 3 persoas sen relación familiar que comparten piso e pagan cada un 210€, ao sumar o seu contrato un total de 630€ polo aluguer, calquera deles quedaría excluído da axuda ao superar conxuntamente o límite máximo establecido en 600€.

Segundo se establece na mesma resolución, no caso de contratos de arrendamentos por habitación, o límite da renda mensual é a metade das contías fixadas para os contratos de vivenda. Así, por exemplo, nunha cidade situada nunha zona de prezo máximo superior, a renda máxima por habitación sería de 300€.

Por tanto, a posibilidade de acceder ou non á axuda no caso de pisos onde persoas independentes comparten piso varía segundo se teña asinado un contrato de aluguer común ou un contrato por habitación. Esta interpretación que fai o IGVS é inxusta xa que para dúas persoas coas mesmas condicións económicas e de esforzo de pago do alugueiro, dependendo do tipo de contrato do que dispoñan poden ou non acceder ás referidas axudas.

Esta situación demostra unha falta de sensibilidade por parte do IGVS á hora de adecuar a convocatoria a unha realidade social moi estendida entre a xente moza como é o fenómeno dos pisos compartidos. Unha práctica que se debe, en boa medida, ás dificultades que ten a xente moza para lograr costear o prezo da vivenda e os seus gastos, véndose en moitos casos obrigados a solucións como esta para poder facer fronte aos gastos. Por iso resulta chocante que sexan precisamente estes casos onde se

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:43
Nº Rexistro: 40616
Data envio: 09/09/2022 13:16:43.087

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comparte vivenda cun mesmo contrato os que se enfronten logo a máis dificultades á hora de acceder ás axudas.

Por todo isto solicitamos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que adecúe os baremos e a interpretación que está a facer á hora de tramitar as solicitudes tendo en conta esta realidade social.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adecuar a interpretación que fai o IGVS nas solicitudes das subvencións do programa bono alugueiro mocidade, co obxectivo de considerar que no suposto de contratos de arrendamento de vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas."

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:43
Nº Rexistro: 40616
Data envio: 09/09/2022 13:16:43.087

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/09/2022 13:12:32

Paulo Ríos Santomé na data 09/09/2022 13:12:36

Xosé Luis Bará Torres na data 09/09/2022 13:15:24

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:37:34
Nº Rexistro: 40627
Data envio: 09/09/2022 13:37:34.797

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

En Galicia dependen da Xunta 29 fundacións públicas, 17 axencias, 15 sociedades mercantís, 11 organismos autónomos e entidades de consulta, 9 consorcios, 4 fondos de capital risco e 2 entidades públicas empresariais. En total, 87 entes da denominada administración paralela que, sen contar a grandes organismos como o Sergas, xestionan 1.737 millóns de euros, o 14 % do orzamento autonómico do ano 2020.

O argumento que xustificou no seu momento a creación de entidades instrumentais foi conseguir una maior eficiencia no uso dos recursos públicos, determinándose na práctica unha fuxida do dereito administrativo nos procesos de todo tipo, incluíndo os de contratación.

Segundo o último informe de fiscalización económico financeira das entidades instrumentais de Galicia elaborado polo Consello de Contas e correspondente ao ano 2020 *"Malia o tempo transcorrido desde a aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia (LOFAXGA), a Comunidade Autónoma non puxo en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto nesta norma e no que se deberían inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente e no que se depositen as contas anuais para a súa remisión ao Consello de Contas. Esta eiva, que converte a Galicia nunha excepción dentro das comunidades autónomas, dificulta a delimitación das entidades que segundo a nosa normativa deben ter a consideración de sector público autonómico e introduce un risco potencial derivado da falla de aplicación das obrigas propias das entidades integrantes do sector público".*

Entre as moitas recomendacións de mellora que recolle o informe destaca a *"Falta de información sobre indicadores de xestión e custo de actividades"*. Tamén di o informe que *"Non se realizaron nas entidades instrumentais controis de eficacia ou auditorías operativas que traten de verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación do organismo".*

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:37:34
Nº Rexistro: 40627
Data envio: 09/09/2022 13:37:34.797

Destaca o informe en canto ao orzamento que *"As entidades instrumentais (excluído o Sergas) xestionaban en 2020 aproximadamente o 14% (1.737 M€) do orzamento autonómico. Malia a redución considerable no número de entidades dende 2011, o volume de fondos do sector instrumental dende ese exercicio e, en particular, as transferencias e subvencións consignadas nos orzamentos da Xunta para o devandito sector medraron pola xeneralización do modelo de axencia.*

Os recursos xestionados en 2020 ascenderon a 1.496 millóns de euros. O 47 % dos recursos administrados polas entidades instrumentais son xestionados polas Axencias. A diferenza do acontecido na Administración do Estado e noutras comunidades, a Xunta de Galicia optou por empregar o modelo de axencias para xestionar descentralizadamente importantes áreas de gasto que ata ese momento eran desenvolvidas de forma centralizada como por exemplo: infraestruturas, innovación, equipamento tecnolóxico, turismo e servizos sociais, entre outras. Respecto ás axencias, a revisión da información dispoñible non acredita que se estean a aplicar os mecanismos de xestión transparente por obxectivos como son o contrato plurianual de xestión e o plan de acción anual.

O escaso nivel de xeración de ingresos propios dalgunhas das sociedades públicas cuestiona que as actividades desenvolvidas por estas sexan mercantís ou empresariais. Por outra banda, nas fundacións públicas, a dependencia das subvencións autonómicas, superior ao 75 %, evidencia a incapacidade para usar o modelo segundo a súa verdadeira esencia que non é outra que a de incentivar a participación do financiamento privado en actividades de interese xeral".

Finalmente, o informe cuantifica o cadro de persoal da administración paralela galega en máis de 8.000 persoas cun coste medio por empregado de máis de 37.700 euros/ano. No caso das fundacións públicas, o coste supera os 57.200 euros anuais, e chega a case 50.000 euros no caso das sociedades públicas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Presentar para o seu debate na Cámara un informe sobre o custo e a avaliación da xestión dos entes instrumentais autonómicos, que contemple un plan específico de avaliación periódica do funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e se constitúen a forma máis eficiente para acadalos, segundo as recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:37:34
Nº Rexistro: 40627
Data envio: 09/09/2022 13:37:34.797

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

2º) Poñer en marcha no actual período de sesións o rexistro de entidades dependentes contemplado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Pazo do Parlamento, 9 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 09/09/2022 13:21:41

Paloma Castro Rey na data 09/09/2022 13:22:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2022 13:22:26

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40642
Data envio: 09/09/2022 14:06:00.827

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Galicia é a primeira rexión pesqueira europea. Pero a importancia da pesca transcende ao seu impacto económico como actividade clave para o desenvolvemento do país, constitúe tamén un elemento da nosa identidade. E como amosou a crise da Covid-19, un piar esencial para garantir a soberanía alimentaria.

En termos xerais, a frota galega representa case que a metade de toda a frota española, faenando en diferentes augas a niveis estatal, europeo e internacional, sendo claro exemplo de respecto aos convenios e normativas rexionais e internacionais, que no caso europeo, plásmase na Política Pesqueira Común (PPC) e ao tempo desenvolveu nos últimos anos iniciativas enfocadas á mellora da sustentabilidade da súa actividade. Non é casualidade que a situación dos caladoiros onde opera a nosa pesca se atope en rendemento máximos sostible e os niveis de biomasa estean en máximos, un 50 % por enriba de hai 15 anos.

Non obstante, nos últimos tempos, a frota pesqueira galega está a vivir intres complexos. Problemas estruturais e conxunturais: dende a alza dos prezos dos combustibles ao cambio climático, os problemas de relevo xeracional, o Brexit, a pandemia da covid-19 ou a guerra en Ucraína están a configurar un contexto especialmente difícil que resucita a pantasma de amarres da frota. A esta situación súmaselle agora a intención da Comisión Europea de prohibir todas as actividades relacionadas coa pesca de fondo (arrastre, palangre, anzol…) en 94 zonas de pesca en caladoiros de Francia, España, Portugal e Irlanda.

O denominado “acto de aplicación” para a protección de ecosistemas mariños vulnerables, equivalente comunitario a unha orde ministerial en España, do Regulamento comunitario sobre acceso a augas profundas na última votación ante o Consello da Unión Europea obtivo unha maioría insuficiente co “non” de España e Irlanda. O “ acto de aplicación” podería afectar a máis de 300 pesqueiros españois , entre os cales, mediante sistemas de xeolocalización (VMS), podemos saber que os buques que faenan con palangre de fondo, arrastre de fondo e volantas en Gran Sol e que se verían afectados directamente serían 75.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40642
Data envio: 09/09/2022 14:06:00.827

As frotas afectadas por esta decisión esténdense por todo o litoral galego: Burela, Celeiro, Vigo, Coruña, Ribeira … Trátase, por tanto, dun tema de alta preocupación para o sector e para a economía de Galicia que non se pode pasar por alto e que, de aplicarse, terá un impacto moi importante para a pesca galega.

Fronte a todo iso, é preciso destacar que o sector non cuestiona a necesidade de conservación dos ecosistemas mariños vulnerables, pero si o xeito no que se aplica esta medida, toda vez que debería de basearse en informes rigorosos e aplicarse de xeito razoable. A pesca, como calquera actividade humana, ten un impacto ambiental, e o sector pesqueiro é consciente da necesidade de aplicar medidas de protección, pero estas deben fundamentarse en informes científicos rigorosos, no diálogo cos consellos e entidades consultivas e aplicarse co maior consenso posible. A información na que se sustenta a presente decisión, non obstante, parte da información achegada polo ICES, que o sector cualificou de incompleta, posto que non se pararon na información máis detallada sobre os fondos mariños, feito que podería dar unha visión máis completa da situación.

Así mesmo, a proposta non diferencia as zonas nin tipos de arte pesqueiro, o que tamén é outra eiva importante, así como as medidas de protección que cada Estado xa aplica sobre as zonas citadas, o que amosa un escaso ou inexistente grao de ponderación das medidas, que finaliza impactando de maneira global no sector.

A frota galega de Gran Sol, representa un activo fundamental para a pesca e a economía de Galicia. Os buques de palangre de fondo, volanta e arrastre que faenan nas zonas afectadas por esta decisión, levan anos apostando pola mellora da selectividade das súas artes, da eficiencia, a sostibilidade social e económica dunha actividade que, repetimos, se atopa en situación de rendemento máximo sostible e aplicando todas as normativas de maneira rigorosa e comprometida. Unha frota que é exemplo internacional de boas prácticas e que, con esta decisión, vai ver cernada unha parte fundamental dos seus caladoiros de pesca mediante unha medida desproporcionada, pouco fundamentada e de aplicación de maneira indiscriminada para todas as artes e frotas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa á Comisión Europea para indicarlle que:

1º) É preciso realizar unha consulta aberta e sinxela cos organismos consultivos de pesca e co sector, mediante as canles previstas, fundamentalmente aos consellos asesores, sobre a base de informes científicos e datos rigorosos.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40642
Data envio: 09/09/2022 14:06:00.827

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

2º) As limitacións e interpretacións propostas recollen unha extensión desmesurada das áreas xeográficas a protexer en función dos achados ou da probabilidade da súa presenza nas zonas.

3º) No regulamento final debe de considerarse unha gradación e tratamento de acordo coas diferentes artes de pesca, que permitan unha aplicación menos lesiva.

4º) Unha decisión deste calado debe de partir dunha verdadeira avaliación do impacto económico e social, piares estes da Política Pesqueira Común.

Pazo do Parlamento, 9 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/09/2022 13:17:46

Julio Torrado Quintela na data 09/09/2022 13:18:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2022 13:18:15

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40648
Data envio: 09/09/2022 14:08:35.824

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

No segundo semestre do curso escolar 2021-2022 o Grupo Socialista denunciaba no Parlamento a deficiente prestación do servizo de transporte por estrada e a súa constante afectación aos rapaces e rapazas que fan uso del para acudir aos seus centros escolares. Horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas e mesmo emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados por contrato son algunhas das cuestións advertidas.

Lonxe de asumilo e de pór unha solución inmediata, en concreto e con urxencia nos concellos da contorna de Compostela, a conselleira de Mobilidade respondía que eran casos puntuais que se resolvían no momento, algo que repetía o conselleiro de Educación en sede parlamentaria á vez que este verán se gababa de que o actual curso escolar comezaría con “total normalidade”.

Dende o grupo do PSdeG preguntámonos se o Goberno galego entende que o comezo caótico do curso por culpa do transporte nos concellos de Teo, A Baña, Negreira, Dodro e O Pino foi tamén un compendio de “casos puntuais”.

No concello de Teo, o día 8 de setembro de inicio de curso, houbo liñas que non traballaron deixando así a decenas de rapaces e rapazas nas paradas, que foron chegando aos centros grazas a que pais e nais voluntarios os levaban nos seus vehículos particulares. Outras liñas -cos autobuses sen rotular- pasaron polas paradas unha hora máis tarde da prevista e mesmo nalgúns casos a empresa concesionaria enviou furgonetas VTC no canto de autobuses.

Na Baña, a ruta chegou tarde e con moitos rapaces e parazas de pé xa que o autobús que enviaron era de 20 prazas e desa liña fan uso cando menos 30 menores.

Tamén en Dodro o autobús que leva os escolares a Padrón chegou tarde. E no Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago que utilizan os e as estudantes para ir aos institutos (bacharelato e FP) de Santiago fixo a ruta cunha hora de atraso.

Por se fose pouco, sabemos que a moitos dos condutores e condutoras dos autobuses desas liñas lles comunicaron as rutas pasadas as once da noite do día anterior, e moitos deles descoñecían os lugares polos que discorren.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40648
Data envio: 09/09/2022 14:08:35.824

E todo isto, nun día de comezo de curso, cos lóxicos nervios de escolares e familias aos que tiveron que sumar tamén a ansiedade deste máis que deficiente servizo de transporte. Unha ansiedade que se agrava aínda máis no caso do alumnado con necesidades educativas especiais.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. É por iso que a maior parte da comunidade escolar emprega este servizo público. Ao Grupo Socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na da organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias, afectadas por eses atrasos continuos ou por non estar dispostas a que os seus fillos e fillas teñan que agardar na rúa por un transporte que ou chega tarde ou non chega.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte que neste caso lle corresponde a Monbus, e por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Esixir o cumprimento íntegro do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte nos concellos da contorna de Compostela para garantir o normal funcionamento do curso escolar.

2º) Realizar e publicar un informe de inspección das rutas, horarios, paradas e vehículos de que dispón a concesionaria neses termos municipais.

Pazo do Parlamento, 9 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/09/2022 13:11:45

Noelia Otero Lago na data 09/09/2022 13:12:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2022 13:12:15

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 11:34:11
Nº Rexistro: 40732
Data envio: 12/09/2022 11:34:11.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falta de atención pediátrica nos meses de verán no distrito sanitario de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a desaparición da Área Sanitaria de Valdeorras o que hoxe é "distrito sanitario" dependente da Área de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras adoece dunhas carencias de atención cada ves máis acusadas que afectan aos servizos especializados do Hospital Público de Valdeorras e tamén, e cada vez en maior medida, aos servizos básicos de Atención Primaria en todo o distrito.

Sumada á escaseza de médicos e médicas de atención primaria este ano asistimos a un grave problema de falta de pediatras en atención primaria durante os meses de xullo e agosto que levou a que, durante boa parte do período estival, unha única persoa tivese que facerse caso de toda a atención pediátrica dos concellos atendidos polo Distrito Sanitario de Valdeorras.

Esta situación fixo que tanto no Centro de Saúde de Viana do Bolo como no da Rúa pasasen moitas xornadas sen médico pediatra, o que levaba a unha derivación de pacientes ao Centro de Saúde do Barco de Valdeorras que só contaba cunha facultativa traballando.

Nun momento, o verán, no que a poboación do distrito aumenta significativamente pola chegada de veraneantes e o retorno de persoas que teñen o seu traballo fóra, resulta grave que o Sergas faga deixación de funcións e non cubra as

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 11:34:11
Nº Rexistro: 40732
Data envio: 12/09/2022 11:34:11.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baixas e as vacacións nun servizo, o pediátrico, tan especializado e importante para unha parte especialmente sensíbel da poboación.

Aos problemas inmediatos derivados desa falta de profesionais, que xerou desconcerto e preocupación entre a veciñanza, únese o atraso derivado desa escaseza de recursos humanos nas consultas pautadas para vacinacións e revisións mensuais das crianzas. Deste xeito estamos a ver atrasos nas citas de até 25 días para acudir ás revisións mensuais que teñen por obxecto avaliar o correcto desenvolvemento das nenas e nenos en todos os parámetros básicos medíbeis e detectar posíbeis problemas e enfermidades.

Deste xeito un distrito que xa se atopa en precario, con dous pediatras en atención primaria no Barco de Valdeorras e un na Rúa que comparte con Viana do Bolo, pasou a ser practicamente inexistente neste verán deixando case desasistida á poboación menor de Valdeorras, Manzaneda, Viana do Bolo e Pobra de Trives.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para unha correcta cobertura das baixas e dos períodos vacacionais das/os pediatras de Atención Primaria no Distrito Sanitario de Valdeorras para que non se repitan as situacións de abandono deste verán."

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Montserrat Prado Cores

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 11:34:11
Nº Rexistro: 40732
Data envio: 12/09/2022 11:34:11.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 12/09/2022 11:28:15

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2022 11:28:22

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2022 11:28:35

Iria Carreira Pazos na data 12/09/2022 11:28:45

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:06:16
Nº Rexistro: 40760
Data envio: 12/09/2022 13:06:16.314

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa as medidas que debe adoptar o Goberno galego para reverter a situación, xa agravada, de caos e incumprimentos no servizo de transporte público de Galiza á volta do verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste comezo de curso atopámonos co agravamento dos incumprimentos e caos co que se desenvolve o sistema público de transporte por estrada de Galiza. Son moitos os casos e puntos do país nos que nos últimos días se veñen recollendo queixas dos usuarios e usuarias do servizo, con autobuses que non chegan ás paradas e nos horarios indicados e tamén moitas persoas que non poden acceder ao servizo por falta de prazas.

Isto, sen dúbida, acontece por unha mala planificación e falta de recursos por parte das empresas concesionarias dos contratos de transporte ante unha Xunta de Galiza que ven permitindo estas prácticas e situacións no pasado recente e no presente.

O transporte público debe ser unha peza chave no desenvolvemento dun país como Galiza, cunha forma de habitar o territorio particular que precisa dunhas conexións útiles e áxiles para que os usuarios e usuarias deste servizo poidan utilizalo no desenvolvemento normal da súa vida, sexa para acudir a aulas, postos de traballo, citas médicas ou para a realización de calquera procedemento administrativo.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:06:16
Nº Rexistro: 40760
Data envio: 12/09/2022 13:06:16.314

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son moitas as queixas recollidas nos últimos anos por parte dos usuarios e usuarias, que demandan que as empresas concesionarias cumpran cos contratos que teñen asinados coa administración pública, e que esta tome medidas para garantir este cumprimento.

Moitos tamén son os exemplos que se poden poñer, onde os incumprimentos sistemáticos por parte das empresas concesionarias están a producir molestias e prexuízos nos usuarios e usuarias do transporte público.

O camiño que comezou a Xunta de Galiza cara unha situación de monopolio neste servizo tradúcese nun peor servizo e unhas peores condicións no servizo de transporte público. A propia Xunta de Galiza, nas análises do novo Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 poñen de manifesto esta cuestión, facendo referencia á ameaza e debilidade que supón a falta de competencia neste servizo, xa que na práctica atopámonos coa facilitación dun comportamento monopolístico cunha empresa que sistematicamente incumpre as condicións dos contratos.

Lonxe de solucionar a situación, a Xunta de Galiza, ven esixindo diferentes reforzos alá onde a presión popular foi suficiente para que isto acontecese, mais estes reforzos non veñen a solucionar os problemas, xa que nin son reais, nin fan que se cheguen ás cotas que marcan os contratos e nin moito menos se habilitan mecanismos para superalas alá onde sería necesario.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:06:16
Nº Rexistro: 40760
Data envio: 12/09/2022 13:06:16.314

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas para reverter a situación de caos e os incumprimentos dos contratos dentro do servizo de transporte público de Galiza."

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Deputado do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 12/09/2022 13:02:44

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2022 13:02:47

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 17:47:53
Nº Rexistro: 40784
Data envio: 12/09/2022 17:47:53.347

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

No ano 2009 a veciñanza de Queiruga mobilizábase en contra dun proxecto que pretendía instalar unha depuradora de augas residuais no lugar da Ponte, moi próxima a vivendas e que vertería no río Maior que desemboca na praia do Dique.

As reivindicacións veciñais lograron paralizar esa actuación, da que pouco máis se soubo ata hai uns meses cando a Xunta de Galicia anunciaba a construción da planta de depuración exactamente no mesmo lugar que hai 13 anos, un anuncio que se consumou nestas datas recentes coa adxudicación do proxecto.

Coñecida a intención da Xunta, no mes de xullo e logo de múltiples peticións de reunións co alcalde de Porto do Son, a veciñanza conseguiu que o Concello lle presentase a Augas de Galicia un documento con tres emprazamentos alternativos en lugares sen vivendas próximas. O concello accedeu, pero xa era tarde, e fíxoo a sabendas que o proceso de licitación xa estaba en marcha dende había meses.

A veciñanza, que recolleu só no mes de agosto preto de 2.000 sinaturas e presentou unha queixa na Valedora do Pobo que xa foi admitida, solicita que a planta se sitúe nalgún lugar que non estea próximo a vivendas -o proxecto asegura que estará a unha distancia mínima de 200 metros de calquera domicilio, algo que non parece cumprirse-, que non verta no río Maior -moi coñecido pola súa actividade troiteira- e que non afecte a praia do Dique, á que acoden as familias sonenses da contorna ademais de ser unha das preferidas polos visitantes que queren gozar dun lugar tranquilo e moi axeitado para os máis pequenos.

A plataforma veciñal non se opón á depuradora en Queiruga, que entende necesaria, pero considera que hai alternativas, que ademais foron propostas ao logo de todos estes anos sen que fosen valoradas seriamente nin polo Concello nin por Augas de Galicia.

Dado que non houbo resposta a ningunha das alternativas propostas nin moito menos se accedeu a informar aos veciños e veciñas afectadas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 17:47:53
Nº Rexistro: 40784
Data envio: 12/09/2022 17:47:53.347

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que dea unha solución urxente, dialogada coa veciñanza afectada, ao conflito xerado polo emprazamento da depuradora de augas residuais de Queiruga (Porto do Son), no lugar da Ponte.

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/09/2022 17:43:20

Patricia Otero Rodríguez na data 12/09/2022 17:43:37

Eduardo Ojea Arias na data 12/09/2022 17:43:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/09/2022 17:44:04

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 13:10:19
Nº Rexistro: 40893
Data envio: 13/09/2022 13:10:19.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o incumprimento do acordo unánime parlamentario a respecto da colaboración da Xunta coa Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión 4ª de Educación e Cultura, na sesión celebrada o pasado 25 de marzo de 2022, adoptou o seguinte acordo a instancias do BNG, logo de ser trasaccionada a proposta de resolución co grupo parlamentario do PP:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a implicarse na celebración dos actos do 175 aniversario da fundación da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña e a prestar o apoio técnico e económico no marco de colaboración axeitado.»

Transcorridos seis meses deste acordo e a apenas tres meses de rematar este ano 2022, en que o Circo de Artesáns da Coruña está a celebrar un amplo programa de actos de celebración do 175 aniversario que segue a evidenciar a raigame desta entidade histórica na cidade da Coruña, o goberno da Xunta segue sen dar cumprimento ao acordo mencionado.

Como xa reseñamos na nosa intervención da Comisión 4ª do pasado 25 de marzo, o Circo de Artesáns é unha entidade que naceu cunha vontade cultural, instrutiva e benfeitora decidida, e coa inspiración dos principios emancipatorios da Ilustración. A historia desta verdadeira "casa do pobo coruñés" converteuna nunha institución

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 13:10:19
Nº Rexistro: 40893
Data envio: 13/09/2022 13:10:19.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emblemática e fundamental da Coruña, mais tamén con moita influencia no resto da Galiza. Por iso mesmo algúns, seguindo a Uxío Carré Aldao, a denominaron como o "Ateneo da Galiza".

Permanecen na memoria histórica do Circo de Artesáns as palestras dalgunhas das figuras máis relevantes da cultura galega e española: Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Ortega y Gasset, Miguel de Unamuno, Santiago Casares Quiroga, Castelao, Durán Loriga, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Lugrís Freire, Manuel Portela, Valladares, Basilio Álvarez, Ramón Suárez Picallo, Armando Cotarelo, Valentín PazAndrade, Ramón Pérez Costales, o "Médico Rodríguez", Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Alexandre Bóveda, Benito Vicetto, Tettamancy, Ángel del Castillo, Eladio Rodríguez González, Gonzalo Abente, Wenceslao Fernández Flórez, María Barbeito, Roberto Novoa Santos, Rafael González Villar, Sofía Casanova, Pi i Margall, etc.

Pola súa iniciativa creáronse institucións benéficas, como a "Cociña Económica" ou as "Escolas Populares Gratuítas".

O Circo de Artesáns, como pegada da historia mencionada, conta cunha biblioteca cuns 15.000 volumes, moitos deles do século XIX e anteriores, para alén de moita documentación histórica de interese. Biblioteca e documentación que están en estado de abandono e deteriorándose, precisando da intervención dalgunha institución para o seu ordenamento, catalogación informática e posta en valor.

As persoas que acoden diariamente ao Circo de Artesáns poden comprobar as grandes pinturas que decoran o Salón de Actos que preside a entrada, así como a necesidade da súa reparación para a correcta conservación.

Até agora descoñecíase a autoría destas pinturas, mais as investigacións máis recentes veñen de atribuíla ao pintor Román Navarro, un dos máis significativos pintores galegos do século XIX e das primeiras décadas do século XX, profesor de Pablo Picasso, con obra exposta no Museo do Prado.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 13:10:19
Nº Rexistro: 40893
Data envio: 13/09/2022 13:10:19.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta descuberta autorial non fai máis que acrecentar a importancia simbólica e representativa do Circo de Artesáns, así como a incomprensión pola falta de responsabilidade e compromiso da Xunta para con esta institución e co propio Parlamento galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta a se reunir co equipo directivo do Circo de Artesáns da Coruña para concretar, antes de finalizar o ano 2022, a colaboración da Xunta con esta institución, en aplicación do acordo unánime aprobado na Comisión 4º de Educación de Cultura e Educación do pasado 25 de marzo de 2022 recollido nestes termos:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a implicarse na celebración dos actos do 175 aniversario da fundación da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña e a prestar o apoio técnico e económico no marco de colaboración axeitado.»."

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 13:10:19
Nº Rexistro: 40893
Data envio: 13/09/2022 13:10:19.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/09/2022 13:08:45

Daniel Castro García na data 13/09/2022 13:08:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/09/2022 13:08:59

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:37:03
Nº Rexistro: 40903
Data envio: 13/09/2022 17:37:03.072

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Ao longo do mes de xullo e nos primeiros días de agosto asistimos ás denuncias dos distintos equipos directivos de institutos arredor de toda a comunidade. Exemplos como o do IES Punta Candieira de Cedeira onde presentaron a dimisión en bloque como medida de protesta pola redución de docentes decidida dende a Consellería de Educación ou o do IES A Sangriña, na Guarda, onde tamén teñen dimitido en bloque as denuncias no IES Virxe do Mar ou no IES Ramón Cabanillas por citar unha pequena mostra da situación límite que padecen os distintos centros galegos.

A comezos do mes de xullo elaboráronse os cadros de persoal para o vindeiro curso, un documento presentado ante inspección e que nalgúns casos, mesmo deu o visto bo á cifra que reclamaban os centros, como os 74 reclamados para poder manter a oferta no Punta Candieira.

Pero nada máis lonxe da realidade, a Consellería de Educación finalmente trasladaba unhas listas definitivas que constatan un recorte drástico do número de profesores e profesoras neste centro, 11 con respecto ao ano pasado. A supresión deste profesorado pon en perigo un ciclo formativo e o bacharelato de adultos; diminuirá o horario de profesores de garda, fundamental para atender ao alumnado no caso de ausencias ocasionais do profesorado; vai reducir os períodos de atención da aula de convivencia inclusiva, co cal non se poderán atender os problemas de convivencia nas aulas; impedirá ofertar optativas que en moitos casos son decisivas para que os alumnos e alumnas poidan acceder ás universidades e contribuirá a aumentar a diferencia de oportunidades educativas entre o alumnado do rural e as persoas que viven nas cidades.

O IES Punta Candieira vén dando mostras do seu dinamismo e da calidade do seu ensino nos últimos anos, participando en diversos proxectos e concursos e acadando premios e excelentes resultados. É evidente que unha perda tan grande de persoal docente vai supoñer un problema enorme na calidade do ensino.

Moitos son os motivos e os feitos que demostran que unha redución de alumnado na aula permite unha mellor atención individualizada e uns resultados positivos en canto ao rendemento escolar. A mellora na atención do alumnado non só ten

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:37:03
Nº Rexistro: 40903
Data envio: 13/09/2022 17:37:03.072

consecuencias positivas a nivel académico, senón que achega outras bondades como a detección máis precoz das dificultades cunha atención especializada máis axeitada ou máis tempo para acadar os obxectivos programados, unha mellor relación coas familias, ou máis tempo para a realización das tarefas burocráticas.

Con esta política de recortes, a Consellería de Educación camiña, polo tanto, na dirección contraria á consecución dunha redución progresiva de rateos cando estamos ante o momento idóneo para que a Administración inicie o diálogo e o estudo das posibilidades sobre unha das reivindicacións máis relevantes para toda a comunidade educativa. O descenso de natalidade e o consecuente descenso de matriculación de alumnado, traducíndose en supresións de postos de traballo de docentes, unha realidade que non pode servir de escusa á Administración para continuar cunha política nefasta de recortes de investimento en recursos humanos e económicos no eido do ensino que deixan aos centros e ás e aos seus profesionais nunha situación de absoluta precariedade.

Todos os grupos municipais do concello de Cedeira, BNG, PP e PSdeG pactaron unha declaración institucional pedindo que se corrixan estes recortes e solicitando unha reunión urxente co Conselleiro de Educación, unha solicitude que segundo as informacións recibidas polo noso grupo foi derivada á delegación territorial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Atender as demandas do IES Punta Candeira do concello de Cedeira e axustar os cadros de persoal docente ás necesidades do centro que permita dar unha atención axeitada ao alumnado de ciclos formativos, bacharelato de adultos, manter a oferta de optativas e cubrir as ausencias de docentes, mantendo suficiente profesorado de apoio para a aula de convivencia, a biblioteca escolar e para as gardas.

2º) Convocar con urxencia unha reunión dos voceiros municipais e o alcalde do concello de Cedeira co conselleiro de Educación.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:37:03
Nº Rexistro: 40903
Data envio: 13/09/2022 17:37:03.072

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/09/2022 17:03:58

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2022 17:04:19

Noelia Otero Lago na data 13/09/2022 17:04:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2022 17:04:50

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:39:07
Nº Rexistro: 40907
Data envio: 13/09/2022 17:39:07.539

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Martin Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A prestación do servizo de transporte escolar en toda Galicia está a ser caótica dende que se adxudicou o novo contrato a finais de decembro de 2021. Unha das zonas que está a padecer este caos é o concello de Arteixo, situación que o Grupo Socialista vén de denunciar sen que a Xunta de Galicia cumpra a súa función de control e seguimento do cumprimento do contrato que neste caso lle correspondeu á empresa ALSA.

Aos problemas acontecidos e denunciados polo PSdeG na comarca de Santiago súmase tamén os da comunidade educativa de Arteixo, tanto do IES Manuel Murguía e Pastoriza, como dos CEIP Ponte dos Brozos, Arteixo e Galán.

No primeiro caso, a propia dirección do centro ten emitido comunicados vía ABALAR ás nais e pais do alumnado, nos que admite os graves problemas que están a sufrir por unha absoluta descoordinación do servizo, tamén a ANPA do IES Pastoriza presentou queixas ante a dirección do centro e a propia consellería.

As nais e pais denuncian situacións de extrema gravidade, con retrasos de máis de 40 minutos, nenos dos CEIP que teñen que chegar á derradeira parada por pasar a horas non estipuladas e non ter quen os recolla na súa parada, reconfiguración das liñas establecidas polos centros educativos, etc, etc ... Ante esta situación os propios traballadores das empresas de transporte están desbordados pola improvisación e falla de coordinación existente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que esixa o cumprimento íntegro do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte escolar no concello de Arteixo. Paralelamente, realizará e publicará na súa páxina *web* un informe de inspección das rutas, horarios, paradas e vehículos dos que dispón a concesionaria para ofrecer ese servizo nese termo municipal.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:39:07
Nº Rexistro: 40907
Data envio: 13/09/2022 17:39:07.539

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/09/2022 17:30:41

Patricia Otero Rodríguez na data 13/09/2022 17:31:00

Eduardo Ojea Arias na data 13/09/2022 17:31:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2022 17:31:25

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:41:43
Nº Rexistro: 40908
Data envio: 13/09/2022 17:41:43.598

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero na data 15/09/2022 10:34:14

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 10:34:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 10:34:36

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:19
Nº Rexistro: 41087
Data envio: 15/09/2022 12:03:19.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e da deputada **Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cumpra a lei e responda ás solicitudes de información dos deputados do Parlamento galego a través do mecanismo do artigo 9 do Regulamento da Cámara, en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo actualmente vixente establece o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente escollidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

O dereito á participación política implica a potestade lexislativa, como o impulso e control da acción de goberno para o que a representación da cidadanía ten recoñecida a posibilidade de demandar información do Goberno e dos seus departamentos, xa sexan do Estado, como das Comunidades Autónomas ou tamén das Entidades Locais.

A potestade da representación democrática da cidadanía para solicitar información do goberno e da administración pública configura o núcleo básico e esencial da actividade parlamentaria que ten como unha das súas finalidades o control da acción do goberno.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:19
Nº Rexistro: 41087
Data envio: 15/09/2022 12:03:19.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este dereito de configuración legal está recollido, por exemplo no artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza no que se regula, por unha banda, a facultade dos deputados e deputadas de solicitar das administracións públicas "os datos, informes e documentos que consten en poder destas"; e por outra, o deber da Xunta de Galiza de facilitar, nun prazo de 30 días, a información e documentación solicitada pola representación da cidadanía, agás existan razóns fundadas en Dereito que o impidan.

Pola contra, a realidade é ben diferente, xa que o goberno galego incumpre de xeito constante o regulamento ao non entregar nin en tempo nin en forma os documentos solicitados a través do artigo 9.

A día de hoxe o goberno do Partido Popular ten sen responder 795 artigos 9, dos cales 419 son do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego. Porén, isto non é o máis grave, xa que 43 deses 419 artigos 9 son do ano 2020 e 343 teñen un atraso de máis de un ano, a pesar de que a Xunta de Galiza ten como máximo 30 días para entregalos. Todo isto supón que o BNG teña un 75% dos artigos 9 sen respostar.

Asemade, as escasas ocasións na que a Xunta de Galiza ten a ben atender os requirimentos efectuados dende o Parlamento non quere dicir que se dera cumprida satisfacción ás demandas de información, pois non é infrecuente que a "contestación" sexa para transmitir información parcial ou mesmo para indicar, ás veces inxustificadamente, que non se pode facilitar a información requirida.

O incumprimento sistemático do deber de información supón a vulneración dun dereito fundamental que conforma un dos piares do actual sistema democrático, evitando, ao tempo, a detección e persecución de prácticas irregulares ou mesmo eventualmente constitutivas de delito.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:19
Nº Rexistro: 41087
Data envio: 15/09/2022 12:03:19.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, de conformidade coa legalidade vixente e con pleno respecto ao dereito fundamental de participación, atenda os requirimentos de información e/ou documentación solicitados por este Parlamento, respondendo á documentación solicitada coa maior brevidade.

Asemade, o Parlamento galego acorda por resolución actuar, mesmo na vía xudicial, adoptando as accións oportunas para evitar a vulneración do dereito dos deputados e deputados a obter información e/ou documentación da Xunta de Galiza que permita exercer o control da acción de goberno."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:03:19
Nº Rexistro: 41087
Data envio: 15/09/2022 12:03:19.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2022 11:58:26

Daniel Castro García na data 15/09/2022 11:58:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/09/2022 11:59:21

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 11:59:34

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:26
Nº Rexistro: 41112
Data envio: 15/09/2022 13:03:26.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e da deputada **Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ao contrato actualización censo do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2021 a Xunta adxudicou o contrato para a realización dun estudo poboacional do lobo ibérico en Galiza. O contrato, cunha dotación económica de 63.000 euros, tiña un prazo de execución de 10 meses.

Segundo o anuncio de licitación "O obxecto desta contratación é a mellora e actualización periódica do coñecemento sobre as poboacións de lobo en Galicia, principalmente no relativo á súa evolución e tendencia (os últimos datos do censo de lobo ibérico en Galicia correspóndense ao período 2013- 2015), o que permitirá levar a cabo un mellor seguimento sobre a especie e a aplicación destes coñecementos á zonificación e xestión da mesma".

Transcorrido un ano e tres meses desde a adxudicación do contrato non hai ningunha información ao respecto, o que chama poderosamente a atención pola hiperactividade da consellaría de medio ambiente na súa campaña contra o lobo.

Desde o BNG consideramos de máximo interese coñecer a información deste estudo, pola súa relevancia na toma de decisións en relación co plan de xestión, a estratexia e as axudas polos danos provocados polo lobo.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:26
Nº Rexistro: 41112
Data envio: 15/09/2022 13:03:26.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o G.P. do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta a:

1. Facer público o estudo poboacional do lobo cuxo contrato foi asinado en maio de 2021 e que tiña un prazo de execución de 10 meses, e se os resultados respaldan que a súa poboación se atopa nunha situación favorable nas catro provincias.

2. Facilitar a aprobación da Estratexia Estatal para a Convivencia das Actividades do medio Rural co Lobo (Canis lupus) e a súa Conservación", ao amparo do LESRPE (Orden TED/980/2021), necesaria para acceder de inmediato ás dotacións orzamentarias para favorecer a conservación do lobo e fomento da gandaría en extensivo e da dinamización do rural, de maneira que recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas. Neste contexto, a Xunta demandará a transferencia de partidas extraordinarias e suficientes para a conservación do lobo, e para medidas de prevención, compensación e indemnización que favorezan a convivencia entre a especie e o gando.

3. Facilitar a aprobación de dita Estratexia para impulsar de modo inmediato un novo plan de xestión do lobo desenvolvendo como primeira medida un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do plan anterior."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:26
Nº Rexistro: 41112
Data envio: 15/09/2022 13:03:26.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 15/09/2022 12:51:49

Paulo Ríos Santomé na data 15/09/2022 12:51:53

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2022 12:52:01

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:49:35
Nº Rexistro: 41135
Data envio: 15/09/2022 13:49:35.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o Proxecto de Humanización da contorna da Igrexa Parroquial de Santa María da Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varios meses que no Concello da Guarda realizouse unha actuación de remodelación e renovación do mobiliario na contorna da Igrexa Parroquial de Santa María.

Naquel entón, na resolución do expediente número 2020/1687 da DX de Patrimonio, sinalábase no apartado de consideracións legais o seguinte:

"Sendo unha actuación de remodelación e introdución de elementos de mobiliario e xardinaría, semella máis acaído, neste intre procedimental, a formulación dun informe que favoreza a corrección do proxecto de cara a súa formulación e autorización definitivas achegando documentación histórica que facilite elementos de xuízo determinantes para iso".

Así mesmo, no apartado resolutivo informaba "favorablemente á execución das obras descritas no proxecto de humanización do contorno da Igrexa parroquial de Santa María da Guarda na praza da Igrexa e rúa Vicenta Rodríguez Cachada, sempre que se adapten ás condicións recollidas nos puntos 25, 26 e 27 dos antecedentes e consideracións técnicas desta resolución."

Cando se analiza o formulado no punto 27 dos antecedentes e consideracións técnicas podemos observar o seguinte: "O Consello Asesor dos Camiños de Santiago, en xuntanza do 22.12.2020, asume o contido dos ditos informes técnicos e emite un ditame desfavorable ao solicitado, entendendo que só sería compatible a actuación coa apreciación

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:49:35
Nº Rexistro: 41135
Data envio: 15/09/2022 13:49:35.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do territorio histórico se se reduce a proliferación de elementos de mobiliario e xardinaría e se desafoga ambientalmente o espazo inmediato ao petróglifo cun tratamento natural e respectuoso co elemento".

Mais a pesar do que se establecía neste último punto de preceptivo cumprimento, as obras de humanización da contorna da Igrexa parroquial de Santa María da Guarda realizáronse presuntamente, e tal e como denuncia a veciñanza, sen que estas condicións requiridas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, se contemplasen.

Por todo isto, e trala incerteza xerada, demandouse no seu momento un informe da DX de Patrimonio para determinar o impacto destas actuacións e para informar se se estaba a cumprir coa normativa. Información que ata o día de hoxe non se achegou.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a emitir nun prazo non superior a dous meses un informe no que se verifique o cumprimento da legalidade nas obras realizadas na contorna da Igrexa parroquial de Santa María da Guarda."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:49:35
Nº Rexistro: 41135
Data envio: 15/09/2022 13:49:35.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/09/2022 13:44:37

Mercedes Queixas Zas na data 15/09/2022 13:44:41

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:44
Nº Rexistro: 41151
Data envio: 15/09/2022 17:01:44.740

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación do transporte escolar na comarca de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os dous últimos trimestres do curso escolar 2021/2022 estiveron marcado por numerosas problemáticas referidas ao funcionamento do transporte escolar. Após o cambio na concesionaria do servizo, a comezos do presente ano, foron múltiples as denuncias por todo o País por atrasos, cambios nas paradas e outras cuestións derivadas dun mal funcionamento do servizo.

Mais o certo é que estes problemas persisten unha vez comezado un novo curso escolar. O pasado 8 de setembro volveron ás aulas as estudantes do ensino obrigatorio en Galiza, e con el, o mal funcionamento dos autobuses para achegalas aos centros de ensino. E lonxe de limitarse a un problema conxuntural circunscrito ao día de inicio do curso, unha semana máis tarde constatamos a súa persistencia.

Estes problemas engloban atrasos nos autobuses, o que supón que o alumnado chegue despois da hora de comezo das aulas ou que teña que agardar fóra dos centros unha vez rematada a xornada; non realización das paradas estipuladas, co que son moitas as familias que teñen que buscar alternativas para levar aos centros a estas estudantes; ou incluso a utilización de vehículos que non se adaptan ao volume de estudantado que

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:44
Nº Rexistro: 41151
Data envio: 15/09/2022 17:01:44.740

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deben transportar, coa consecuencia de que haxa persoas que viaxan de pé ou sentadas nas escaleiras co risco que supón para a súa propia seguridade. Problemáticas que se repiten en centros de ensino tanto de educación primaria coma secundaria, e de igual xeito nos centros do concello de Santiago de Compostela coma noutros da contorna, como sucede en Teo, Ames ou na Baña.

A Federación de ANPAs de Compostela xa fixo a súa correspondente denuncia, así como ANPAs e centros a nivel individual, recollendo as múltiples deficiencias que presenta este servizo. Cómpre ter presente que o transporte escolar é un servizo fundamental para o ensino público, favorecendo a súa democratización e a conciliación das familias, sobre todo nun contexto dunha importante dispersión xeográfica. Máis aínda cando o transporte público na Galiza presenta múltiples carencias, cunha precaria rede ferroviaria sen servizo de cercanías e cun transporte por estrada moi debilitado e que repite as queixas que se constatan no escolar.

Todas estas circunstancias súmanse a un curso escolar que comeza marcado pola diminución dos cadros de persoal nos centros de ensino, nomeadamente do profesorado, o que traerá consigo unha sobrecarga nas profesionais así como unha deterioración da calidade de ensino público.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Resolver de inmediato todas as incidencias que está a presentar o transporte escolar na comarca de Compostela e garantir o seu correcto funcionamento.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:44
Nº Rexistro: 41151
Data envio: 15/09/2022 17:01:44.740

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º.- Realizar un informe que será presentado no Parlamento no que se recollan as incidencias notificadas sobre o eivas no transporte público desde o comezo do presente curso escolar, así como as actuacións que ten levado a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de inspección e sanción á empresa concesionaria."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 16:56:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/09/2022 16:56:24

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:14:12
Nº Rexistro: 41161
Data envio: 15/09/2022 17:14:12.746

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Os recentes informes feitos públicos polo Consello de Contas de Galicia fiscalizan, entre outros aspectos da contabilidade da Xunta de Galicia, o funcionamento económico do Sergas. Ademais das consideracións gravísimas das que alertan, sobre a opacidade das contas e da imposibilidade de ser sometidas a un control financeiro polas irregularidades no formato de presentación (cuestión que é repetida ano tras ano polo Consello de Contas e que sobre a que o goberno de Galicia fai ouvidos xordos), estes informes presentan algúns datos preocupantes sobre posibles irregularidades financeiras na xestión da sanidade galega.

Con respecto á contratación menor, sistema que evita a publicidade e os procedementos de concurso para poder asignar de maneira directa un contrato, os datos respecto do Sergas son alarmantes pois supón en torno ao 85 % de toda a contratación por este formato de todo o Goberno. Este abuso do sistema para poder adxudicar de maneira directa e sen competitividade de mercado supuxo, no período analizado 2012-2017 (son os datos de que dispón o Consello de Contas) máis de 600 millóns de euros, sendo o total do Goberno en torno a 725 millóns.

Ademais do dato global, é necesario apuntar que o Consello de Contas detecta que un 59 % dos contratos (3 de cada 5, de maneira global) estendeuse a prestación ou servizo contratado sen existir soporte contractual e máis alá de toda prórroga legal posible, sen explicar as argumentacións de por que se produce esta ilegalidade, o que provoca o uso irregular de moitos millóns de euros (na mostra analizada polo Consello supéranse os 40 millóns). O propio informe sinala que en torno ao 30 % do gasto é irregular e contrato á normativa contractual (artigo 29 da Lei de Contratos do Sector Público).

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:14:12
Nº Rexistro: 41161
Data envio: 15/09/2022 17:14:12.746

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1. Reduza o abuso da contratación menor no eido da Consellería de Sanidade, para axeitala aos estándares naturais e ao seu uso excepcional e non estrutural, tal e como recomenda o Consello de Contas de Galicia.

2. Comprometer a total colaboración co Consello de Contas realizando as modificacións necesarias para poder facilitar o control financeiro, implantando un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública, así como a seguir as recomendacións da información que é necesario facer pública sobre a súa xestión económica.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2022 17:03:19

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2022 17:03:39

Marina Ortega Otero na data 15/09/2022 17:03:52

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:14:12
Nº Rexistro: 41161
Data envio: 15/09/2022 17:14:12.746

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:04:02

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:33
Nº Rexistro: 41178
Data envio: 15/09/2022 18:00:33.039

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela** e **Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

O pasado día 8 de setembro coincidindo co inicio do curso escolar moitos alumnos e alumnas do IES de Poio quedaron plantados nas paradas do bus escolar ao non pasar por estas o autobús que tiña que achegalos ao seu centro e o que obrigou a que tiveran que buscar con rapidez medios alternativos de desprazamento.

O servizo de transporte escolar desenvolvido pola empresa Monbus en base a un convenio coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade planifícase en base a unhas propostas de itinerarios que remiten os IES tras a formalización das matrículas, onde figuran os/as alumnos/as que usarán este servizo e as paradas necesarias.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. É por iso que a maior parte da comunidade escolar emprega este servizo público.

Ao Grupo Parlamentario Socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na da organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias, afectadas por eses atrasos continuos ou por non estar dispostas a que os seus fillos e fillas teñan que agardar na rúa por un transporte que ou chega tarde ou non chega.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte que neste caso lle corresponde a Monbus.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:33
Nº Rexistro: 41178
Data envio: 15/09/2022 18:00:33.039

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir o cumprimento íntegro do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte no Concello de Poio para garantir o normal funcionamento do curso escolar e que non volvan a darse estas situacións.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/09/2022 17:33:12

Noelia Otero Lago na data 15/09/2022 17:33:20

Patricia Otero Rodríguez na data 15/09/2022 17:33:29

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 17:33:41

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:33
Nº Rexistro: 41178
Data envio: 15/09/2022 18:00:33.039

Eduardo Ojea Arias na data 15/09/2022 17:34:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:34:11

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:47
Nº Rexistro: 41179
Data envio: 15/09/2022 18:00:47.836

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela** e **Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

O pasado día 8 de setembro coincidindo co inicio do curso escolar moitos alumnos e alumnas do IES de Poio quedaron plantados nas paradas do bus escolar ao non pasar por estas o autobús que tiña que achegalos ao seu centro e o que obrigou a que tiveran que buscar con rapidez medios alternativos de desprazamento.

O servizo de transporte escolar desenvolvido pola empresa Monbus en base a un convenio coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade planifícase en base a unhas propostas de itinerarios que remiten os IES tras a formalización das matrículas, onde figuran os/as alumnos/as que usarán este servizo e as paradas necesarias.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. É por iso que a maior parte da comunidade escolar emprega este servizo público.

Ao Grupo Parlamentario Socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na da organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias, afectadas por eses atrasos continuos ou por non estar dispostas a que os seus fillos e fillas teñan que agardar na rúa por un transporte que ou chega tarde ou non chega.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte que neste caso lle corresponde a Monbus.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:47
Nº Rexistro: 41179
Data envio: 15/09/2022 18:00:47.836

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir o cumprimento íntegro do contrato á empresa concesionaria do servizo de transporte no Concello de Poio para garantir o normal funcionamento do curso escolar e que non volvan a darse estas situacións.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/09/2022 17:34:33

Noelia Otero Lago na data 15/09/2022 17:34:42

Patricia Otero Rodríguez na data 15/09/2022 17:34:51

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 17:35:03

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:47
Nº Rexistro: 41179
Data envio: 15/09/2022 18:00:47.836

Eduardo Ojea Arias na data 15/09/2022 17:35:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:35:24

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:07
Nº Rexistro: 41188
Data envio: 15/09/2022 18:02:07.631

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia aprobaba en 2017 o decreto 12/2017 polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico (VUT) en Galicia, na que recoñece a necesidade de regular este último tipo de aloxamento dada a súa proliferación na nosa comunidade autónoma e "debido ao seu impacto e a competencia desleal que supón respecto do aloxamento turístico regulado".

A falla de datos oficiais contrastados e actuais, calcúlase que en Santiago de Compostela hai na actualidade preto de 1.000 VUT, todas elas inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT) pero só o 10 % conta coa habilitación municipal preceptiva. Porque hai que lembrar que o texto lexislativo aprobado hai cinco anos establece que son os municipios, con competencias urbanísticas, os que teñen a facultade de establecer requisitos ou permisos previos que sexan de aplicación para empezar a operar.

O mencionado decreto 12/2017 establece no seu artigo 5 'Concepto de vivenda de uso turístico':

> *4. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística.*
>
> *6. (...) <u>Os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector</u>.*

Xa no seu Capitulo VI dedicado enteiramente a regular este tipo de vivendas, establece que:

> *Artigo 41. Réxime de exercicio da actividade*
>
> *1. Para o inicio da actividade turística na modalidade de vivendas de uso turístico deberá presentarse unha declaración responsable de inicio de actividade (...).*
>
> *Artigo 42. Efectos da presentación*
>
> *1. A presentación da declaración responsable, nas condicións previstas neste decreto, habilita para o desenvolvemento da actividade turística de vivenda de*

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:07
Nº Rexistro: 41188
Data envio: 15/09/2022 18:02:07.631

uso turístico, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas esixidas noutras normas que lles resulten de aplicación.

Esta habilitación para o desenvolvemento da actividade turística non exime o/a propietario/a ou persoa ou empresa que comercialice a vivenda da obriga de obter as autorizacións, permisos, licencias e/o informes que establezan as distintas normativas sectoriais e municipais que lle son de aplicación.

Artigo 43. Inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Atendendo a declaración responsable (...) a área provincial da Axenciade Turismo de Galicia inscribirá de oficio o establecemento no REAT e emitirá un documento que acredite tal inscrición, salvo que se omitisen datos ou documentos de carácter esencial ou se desprenda da declaración que non reúne os requisitos previstos neste decreto para a súa clasificación.

Artículo 44. Resolución

A comprobación polos órganos competentes da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a non presentación da declaración responsable, a non dispoñibilidade da documentación preceptiva, o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos (...).

A Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditará (...) a oportuna resolución (...) e acordará a baixa da vivenda de uso turístico, así como a cancelación da súa inscrición no REAT.

Diante desta normativa, non é comprensible que sexa o mesmo Goberno que a redactou, e en concreto Turismo de Galicia, quen se negue a lle dar cumprimento eliminando do REAT as VUT que non contan coa habilitación municipal. E máis cando existen dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que consideran, ao igual que o concello compostelán, que as VUT son unha actividade económica e por iso precisa dunha licencia municipal previa e que ademais estas vivendas xa estaban reguladas polo Plan especial de Santiago de Compostela do ano 1997.

A Xunta de Galicia non está a cumprir nin coa súa normativa nin coa defensa dun turismo sustentable que preserve a identidade de cada zona turística, neste caso a cidade de Compostela. O Goberno local compostelán non pretende prohibir este tipo de establecementos, senón regulalos precisamente para protexer o interese público e

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:07
Nº Rexistro: 41188
Data envio: 15/09/2022 18:02:07.631

determinar o modelo de convivencia e dun turismo sostible e responsable que a cidade precisa.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego ao efectivo cumprimento do Decreto 12/2017 e a colaborar coas administracións competentes en materia urbanística para lograr un uso axeitado e ordenado das vivendas de uso turístico.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 17:56:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2022 17:56:48

Martín Seco García na data 15/09/2022 17:56:59

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:15
Nº Rexistro: 41189
Data envio: 15/09/2022 18:02:15.163

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

No ano 2019 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda investiu máis de 500.000 € na rehabilitación e recuperación integral do complexo termal Baños de San Xusto, sito a beira do río Lérez na parroquia de San Xurxo de Sacos, concello de Cerdedo-Cotobade.

Estas obras remataron no mes de abril do ano 2021, sen embargo o rexedor municipal manifestou que o balneario non podería abrir ao público ata que a Consellería de Sanidade e a de Industria non regularizaran as súas augas medicinais.

Posteriormente no mes de febreiro deste ano anunciouse dende o Concello o resultado positivo dos informes elaborados en relación á calidade das augas e a intención de solicitar á Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia a condición de mineiro medicinal e termal das augas para poder empezar a funcionar en primavera.

Sete meses despois, este complexo segue pechado á espera desa regularización e legalización das augas e dende o Grupo Socialista xa non sabemos se é por unha escusa do rexedor ou por desleixo da Xunta de Galicia. O que si está claro é que ano e medio despois da finalización dunha obra cofinanciada que supuxo un investimento millonario tanto para a Xunta de Galicia coma para o Concello, este balneario aínda estea pechado.

Dende o Grupo Socialista instamos a Administración competente a que poña en funcionamento ou facilite a apertura deste complexo termal coa maior celeridade xa que non se pode deixar abandonada unha infraestrutura histórica tras un investimento dese calibre.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:15
Nº Rexistro: 41189
Data envio: 15/09/2022 18:02:15.163

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Este comportamento o que reflexa é a falta de consideración deste goberno do PP cara o diñeiro público, e o uso partidista do mesmo, xa que prioriza os grandes investimentos e anuncios grandilocuentes sobre os mesmos que o beneficio económico e persoal que estes poidan supoñer..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Resolver con urxencia a certificación que acredite a condición mineiro medicinal e termal das augas do balneario de San Xusto na parroquia de San Xurxo de Sacos no concello de Cerdedo-Cotobade.

2. Dirixirse ao Concello para que proceda a súa rápida apertura por tratarse dun reclamo turístico e unha fonte de ingresos para esta zona e para evitar o risco de deterioro do inmoble derivado do abandono.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:02:15
Nº Rexistro: 41189
Data envio: 15/09/2022 18:02:15.163

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/09/2022 17:55:05

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2022 17:55:15

Patricia Otero Rodríguez na data 15/09/2022 17:55:23

Eduardo Ojea Arias na data 15/09/2022 17:55:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2022 17:55:42

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:15:54
Nº Rexistro: 41197
Data envio: 15/09/2022 18:15:54.933

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputada, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A mediados do ano 2019, a Xunta de Galicia anunciou que Osmo no concello de Cenlle se convertería na primeira aldea modelo de Galicia, Ademais da creación dunha franxa secundaria para a prevención de incendios, os gobernos autonómico e local anunciaban a posta en valor do seu territorio cunha empresa que se dedicaría á cría de porco celta ecolóxico, de ovellas, vaca cachena e produción de forraxe para a súa alimentación, que ademais da protección contra o lume, faría que o concello recibise unha renda polo aluguer das terras e a posta en actividade agraria e gandeira do seu territorio para xerar produtos cun selo de calidade e sustentabilidade medioambiental e fomentar o desenvolvemento demográfico.

A realidade é que daquel proxecto de produción agraria só quedan os gastos do concello para a compra de terras e outros gastos financiados pola Xunta de Galicia, nunha consellaría do contrato menor, que xa nos ten afeitos a que estas actuacións non son posibles sen ser a través de adxudicacións directas, sen publicidade nin concorrencia, a única vía de actuación semella a dixital no sentido físico:

• 4.807,57 euros para estacas de madeira tratadas para o peche da Aldea Modelo.
• 4.808,78 euros para malla cinexética galvanizada.
•38.044,82 euros para a execución, peche gandeiro e traballos complementarios.

Resulta curioso o proceder da Consellería do Medio Rural, xa que o contrato menor non pode exceder de 40.000 euros para obras e por un lado semella facturase a obra e por outro os materiais.

Tamén vimos como os gobernos, local e o autonómico, asinaban un convenio para rehabilitar tres edificios tradicionais adquiridos pola Consellería de Medio Rural para un plan piloto de turismo rural, neste convenio comprometíanse 200.000 euros de fondos da Xunta de Galicia para a dita actuación en 2021.

O Goberno local do concello de Cenlle contratou un proxecto para tal fin e sacou a licitación a obra, que a finais de 2021 foi paralizada polo abandono da empresa concesionaria, supostamente por unha adaptación do terreo coa que non contaban e os elevados custos da dita construción, pese a que a empresa concesionaria

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:15:54
Nº Rexistro: 41197
Data envio: 15/09/2022 18:15:54.933

fixese unha oferta cunha baixada importante do prezo establecido no concurso. O resultado foi que o concello de Cenlle perdeu os cartos dedicados o proxecto e os custes que tivo que aboar a empresa que abandonou o proxecto, unhas decenas de miles de euros que deixan un furado nas contas municipais deste concello.

Despois do fracaso do proxecto de actividade agraria de 2019 e do proxecto turístico do 2021, agora o goberno galego contrata por suposto a través dun contrato menor, adxudicado a dedo por valor de 18.022,95 euros un plan de dinamización da aldea modelo de Osmo e contrata tamén un proxecto para unha "exposición permanente" por outros 17.738,60 euros, tamén adxudicados a dedo, que cremos que irá na liña do "Gaias" de Sergude, pero a día de hoxe a aldea modelo de Osmo segue a ser un mero anuncio publicitario, malia ser a primeira anunciada e múltiples os cartos perdidos na mala xestión municipal e autonómica de Cenlle e a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a informar da situación actual do proxecto de aldea modelo en Osmo, anunciada en 2019 como primeira aldea modelo de Galicia e os fondos dedicados polas administracións, local e autonómica, ata o día de hoxe.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 14/09/2022 12:29:14

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/09/2022 12:29:32

Marina Ortega Otero na data 14/09/2022 12:29:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2022 12:29:59

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:25
Nº Rexistro: 41200
Data envio: 15/09/2022 18:16:25.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o anuncio de novas prazas de escolas infantís municipais por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión de control do mércores 14 de setembro "o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou unha nova liña de investimento para crear en colaboración cos concellos máis de 3.400 novas prazas en escolas infantís, un 11% máis das que existen a día de hoxe, logo da súa aprobación na reunión de mañá do Consello do Goberno galego", como recolle a nota informativa difundida pola propia Xunta.

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2022 10:42:10

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2022 10:42:27

Daniel Castro García na data 19/09/2022 10:42:39

María del Carmen Aira Díaz na data 19/09/2022 10:42:51

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2022 10:43:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/09/2022 10:43:20

María González Albert na data 19/09/2022 10:43:31

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2022 10:43:42

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2022 10:43:57

Alexandra Fernández Gómez na data 19/09/2022 10:44:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/09/2022 10:44:14

María do Carme González Iglesias na data 19/09/2022 10:44:23

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:51:42
Nº Rexistro: 41271
Data envio: 19/09/2022 10:51:42.857

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 19/09/2022 10:44:31

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:33
Nº Rexistro: 40615
Data envio: 09/09/2022 13:16:33.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de facilitar o acceso ás axudas do programa do bono alugueiro mocidade a aquelas persoas independentes que compartan piso baixo un contrato de alugueiro común.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Galego de Vivenda e Solo vén de abrir o pasado mes de xullo a convocatoria das axudas do programa do bono alugueiro mocidade. A RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras desta subvención, no seu punto oitavo establece unha serie de límites á renda mensual da vivenda en aluguer que varían en relación co lugar onde se atope a residencia. Así, para as cidades situadas nas zonas de prezo máximo superior o límite da renda que se paga polo aluguer sitúase nos 600€, nos concellos en zona territorial 1 o tope sitúase entre os 500 e 450€ e nos restantes concellos o límite fíxase en 400€ máximos de aluguer mensual.

Esta limitación só ten en conta a localización do inmoble pero non ten en conta outros factores como o número de persoas convivintes e arrendatarias da vivenda nin o número de cuartos dos que dispón a vivenda. De forma que a interpretación que se está a aplicar por parte do IGVS é o mesmo tope de renda mensual para aqueles casos en que a persoa viva soa como naqueles casos en que convivan distintas persoas sen relación de parentesco nun mesmo piso e sendo ditas persoas arrendatarias da dita vivenda e figurar como tales no respectivo contrato.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:33
Nº Rexistro: 40615
Data envio: 09/09/2022 13:16:33.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, por exemplo, unha persoa que viva en Vigo soa nun piso cun aluguer de 550€ podería optar á axuda. Porén un mozo que forme parte dunha unidade de convivencia formada por 3 persoas sen relación familiar que comparten piso e pagan cada un 210€, ao sumar o seu contrato un total de 630€ polo aluguer, calquera deles quedaría excluído da axuda ao superar conxuntamente o límite máximo establecido en 600€.

Segundo se establece na mesma resolución, no caso de contratos de arrendamentos por habitación, o límite da renda mensual é a metade das contías fixadas para os contratos de vivenda. Así, por exemplo, nunha cidade situada nunha zona de prezo máximo superior, a renda máxima por habitación sería de 300€.

Por tanto, a posibilidade de acceder ou non á axuda no caso de pisos onde persoas independentes comparten piso varía segundo se teña asinado un contrato de aluguer común ou un contrato por habitación. Esta interpretación que fai o IGVS é inxusta xa que para dúas persoas coas mesmas condicións económicas e de esforzo de pago do alugueiro, dependendo do tipo de contrato do que dispoñan poden ou non acceder ás referidas axudas.

Esta situación demostra unha falta de sensibilidade por parte do IGVS á hora de adecuar a convocatoria a unha realidade social moi estendida entre a xente moza como é o fenómeno dos pisos compartidos. Unha práctica que se debe, en boa medida, ás dificultades que ten a xente moza para lograr costear o prezo da vivenda e os seus gastos, véndose en moitos casos obrigados a solucións como esta para poder facer fronte aos gastos. Por iso resulta chocante que sexan precisamente estes casos onde se comparte vivenda cun mesmo contrato os que se enfronten logo a máis dificultades á hora de acceder ás axudas.

Por todo isto solicitamos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que adecúe os baremos e a interpretación que está a facer á hora de tramitar as solicitudes tendo en conta esta realidade social.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:33
Nº Rexistro: 40615
Data envio: 09/09/2022 13:16:33.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo iso formulamos a seguinte interpelación:

- Está a ter en conta o IGVS na tramitación das solicitudes a realidade dos contratos de aluguer comúns en pisos compartidos por persoas independentes?

- Vai a Xunta de Galicia a adecuar os requirimentos nos casos de contratos por habitación aos contratos comúns de aluguer en pisos compartidos?

- É consciente a Xunta de Galicia que este tipo de contratos comúns de aluguer en pisos compartidos son unha práctica estendida?

- Vai a Xunta de Galicia a ter en conta esta realidade social?

- Vai a Xunta de Galiza a facilitar o acceso ás axudas do programa do bono alugueiro mocidade a aquelas persoas independentes que compartan piso baixo un contrato de alugueiro común?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:16:33
Nº Rexistro: 40615
Data envio: 09/09/2022 13:16:33.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 09/09/2022 13:14:45

Paulo Ríos Santomé na data 09/09/2022 13:14:50

Alexandra Fernández Gómez na data 09/09/2022 13:14:58

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:38:26
Nº Rexistro: 40629
Data envio: 09/09/2022 13:38:26.843

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

En Galicia dependen da Xunta 29 fundacións públicas, 17 axencias, 15 sociedades mercantís, 11 organismos autónomos e entidades de consulta, 9 consorcios, 4 fondos de capital risco e 2 entidades públicas empresariais. En total, 87 entes da denominada administración paralela que, sen contar a grandes organismos como o Sergas, xestionan 1.737 millóns de euros, o 14 % do orzamento autonómico do ano 2020.

O argumento que xustificou no seu momento a creación de entidades instrumentais foi conseguir una maior eficiencia no uso dos recursos públicos, determinándose na práctica unha fuxida do dereito administrativo nos procesos de todo tipo, incluíndo os de contratación.

Segundo o último informe de fiscalización económico financeira das entidades instrumentais de Galicia elaborado polo Consello de Contas e correspondente ao ano 2020 *"Malia o tempo transcorrido desde a aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia (LOFAXGA), a Comunidade Autónoma non puxo en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto nesta norma e no que se deberían inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente e no que se depositen as contas anuais para a súa remisión ao Consello de Contas. Esta eiva, que converte a Galicia nunha excepción dentro das comunidades autónomas, dificulta a delimitación das entidades que segundo a nosa normativa deben ter a consideración de sector público autonómico e introduce un risco potencial derivado da falla de aplicación das obrigas propias das entidades integrantes do sector público".*

Entre as moitas recomendacións de mellora que recolle o informe destaca a *"Falta de información sobre indicadores de xestión e custo de actividades"*. Tamén di o informe que *"Non se realizaron nas entidades instrumentais controis de eficacia ou auditorías operativas que traten de verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación do organismo".*

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:38:26
Nº Rexistro: 40629
Data envio: 09/09/2022 13:38:26.843

Destaca o informe en canto ao orzamento que *"As entidades instrumentais (excluído o Sergas) xestionaban en 2020 aproximadamente o 14% (1.737 M€) do orzamento autonómico. Malia a redución considerable no número de entidades dende 2011, o volume de fondos do sector instrumental dende ese exercicio e, en particular, as transferencias e subvencións consignadas nos orzamentos da Xunta para o devandito sector medraron pola xeneralización do modelo de axencia.*

Os recursos xestionados en 2020 ascenderon a 1.496 millóns de euros. O 47 % dos recursos administrados polas entidades instrumentais son xestionados polas Axencias. A diferenza do acontecido na Administración do Estado e noutras comunidades, a Xunta de Galicia optou por empregar o modelo de axencias para xestionar descentralizadamente importantes áreas de gasto que ata ese momento eran desenvolvidas de forma centralizada como por exemplo: infraestruturas, innovación, equipamento tecnolóxico, turismo e servizos sociais, entre outras. Respecto ás axencias, a revisión da información dispoñible non acredita que se estean a aplicar os mecanismos de xestión transparente por obxectivos como son o contrato plurianual de xestión e o plan de acción anual.

O escaso nivel de xeración de ingresos propios dalgunhas das sociedades públicas cuestiona que as actividades desenvolvidas por estas sexan mercantís ou empresariais. Por outra banda, nas fundacións públicas, a dependencia das subvencións autonómicas, superior ao 75 %, evidencia a incapacidade para usar o modelo segundo a súa verdadeira esencia que non é outra que a de incentivar a participación do financiamento privado en actividades de interese xeral".

Finalmente, o informe cuantifica o cadro de persoal da administración paralela galega en máis de 8.000 persoas cun coste medio por empregado de máis de 37.700 euros/ano. No caso das fundacións públicas, o coste supera os 57.200 euros anuais, e chega a case 50.000 euros no caso das sociedades públicas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar os sistemas de control, de transparencia e de avaliación dos riscos de fraude nas entidades instrumentais do sector público autonómico?

2ª) Por que o Goberno galego non implanta, seguindo as reiteradas recomendacións do Consello de Contas, un sistema de información sobre indicadores de xestión e custo de actividades da súa administración paralela?

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:38:26
Nº Rexistro: 40629
Data envio: 09/09/2022 13:38:26.843

3ª) Por que o Goberno galego non realiza na administración paralela controis de eficacia ou auditorías operativas para verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación de cada entidade segundo destaca e recomenda reiteradamente nos seus informes o Consello de Contas?

4ª) Por que o Goberno galego non elaborou tras 12 anos o rexistro de entidades dependentes contemplado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 09/09/2022 13:24:50

Paloma Castro Rey na data 09/09/2022 13:25:08

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:49:46
Nº Rexistro: 40632
Data envio: 09/09/2022 13:49:46.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Daniel Pérez López**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escasas horas da actuación en Vigo da banda británica Muse, o goberno anuncia o procedemento de contratación pola vía de patrocinio publicitario para a promoción de turismo de Galiza a través do concerto de "Muse".

Baixo o procedemento de negociación sen publicidade, a Axencia para o Turismo de Galiza, dependente da Presidencia da Xunta, destina a este fin un orzamento base de licitación que ascende a 2.480.500,00 euros con IVE.

Este gasto de fondos públicos aumenta moi considerabelmente a cifra de 1,2 millóns de euros para este concerto que se dera a coñecer nalgúns medios de comunicación sendo a promotora ZircoZine, mais o presidente da Xunta responde perante os medios coa ignorancia asumindo o seu descoñecemento sobre as razóns deste desfase millonario.

O formato de patrocinio é dos máis opacos e discrecionais e o PP convérteo, nomeadamente en materia de contratación vinculada a eventos musicais, nun recurso ordinario por habitual e reincidente, unha opción moi criticada polos sectores culturais galegos por non estar sometida a concurso público.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:49:46
Nº Rexistro: 40632
Data envio: 09/09/2022 13:49:46.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O exemplo destacado e máis recente produciuse o pasado mes de xuño cando a Xunta adxudicou ás promotoras do Festival O Son do Camiño, por este mesmo mecanismo de patrocinio, a cantidade de 2,5 millóns de euros.

No BNG, como nos sectores culturais, facémonos preguntas sobre a discrecionalidade destas actuacións carentes de criterios obxectivos, onde se prescinde da imprescindíbel transparencia que debe presidir toda acción de goberno para a substituír por polémicas partidarias localistas con trasfondo electoral entre o PP e o PSOE, mentres a verdadeiramente excluída de forma moi notoria do paraugas da marca Xacobeo, ao longo deste bienio 2021-2022, volve demostrarse que está a ser a cultura galega.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que criterio/s obxectivos empregou a Xunta para determinar o prezo dos contratos de patrocinio dos Concertos do Xacobeo?

- Coñece a Xunta o prezo de mercado dos patrocinios a promotores de festivais e concertos?

- De non ser así, como determina se o patrocinio ao concerto de Muse está axustado a prezo e non supón un desbaldimento de fondos públicos?

- Ten a Xunta estabelecido algún pacto sobre prezos de entradas co promotor do concerto?

- Como explica o goberno que o prezo das entradas do concerto de Vigo sexa varias veces inferior a outros concertos do grupo?

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 13:49:46
Nº Rexistro: 40632
Data envio: 09/09/2022 13:49:46.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O patrocinio procura conseguir que o prezo das entradas sexa máis barato do habitual?

- Dado que o concerto leva a marca Xacobeo e está sostido con fondos públicos, ten a Xunta retorno económico pola venda de entradas, bebidas e comidas?

- Que retorno prevé o goberno con este gasto de 2,5 millóns de euros nun único concerto da banda británica Muse en Vigo? A quen vai dirixido?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/09/2022 13:40:10

Daniel Pérez López na data 09/09/2022 13:40:23

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40644
Data envio: 09/09/2022 14:06:53.685

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Galicia é a primeira rexión pesqueira europea. Pero a importancia da pesca transcende ao seu impacto económico como actividade clave para o desenvolvemento do país, constitúe tamén un elemento da nosa identidade. E como amosou a crise da Covid-19, un piar esencial para garantir a soberanía alimentaria.

En termos xerais, a frota galega representa case que a metade de toda a frota española, faenando en diferentes augas a niveis estatal, europeo e internacional, sendo claro exemplo de respecto aos convenios e normativas rexionais e internacionais, que no caso europeo, plásmase na Política Pesqueira Común (PPC) e ao tempo desenvolveu nos últimos anos iniciativas enfocadas á mellora da sustentabilidade da súa actividade. Non é casualidade que a situación dos caladoiros onde opera a nosa pesca se atope en rendemento máximos sostible e os niveis de biomasa estean en máximos, un 50 % por enriba de hai 15 anos.

Non obstante, nos últimos tempos, a frota pesqueira galega está a vivir intres complexos. Problemas estruturais e conxunturais: dende a alza dos prezos dos combustibles ao cambio climático, os problemas de relevo xeracional, o Brexit, a pandemia da covid-19 ou a guerra en Ucraína están a configurar un contexto especialmente difícil que resucita a pantasma de amarres da frota. A esta situación súmaselle agora a intención da Comisión Europea de prohibir todas as actividades relacionadas coa pesca de fondo (arrastre, palangre, anzol…) en 94 zonas de pesca en caladoiros de Francia, España, Portugal e Irlanda.

O denominado “acto de aplicación” para a protección de ecosistemas mariños vulnerables, equivalente comunitario a unha orde ministerial en España, do Regulamento comunitario sobre acceso a augas profundas na última votación ante o Consello da Unión Europea obtivo unha maioría insuficiente co “non” de España e Irlanda. O “ acto de aplicación” podería afectar a máis de 300 pesqueiros españois , entre os cales, mediante sistemas de xeolocalización (VMS), podemos saber que os buques que faenan con palangre de fondo, arrastre de fondo e volantas en Gran Sol e que se verían afectados directamente serían 75.

As frotas afectadas por esta decisión esténdense por todo o litoral galego: Burela, Celeiro, Vigo, Coruña, Ribeira … Trátase, por tanto, dun tema de alta

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40644
Data envio: 09/09/2022 14:06:53.685

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

preocupación para o sector e para a economía de Galicia que non se pode pasar por alto e que, de aplicarse, terá un impacto moi importante para a pesca galega.

Fronte a todo iso, é preciso destacar que o sector non cuestiona a necesidade de conservación dos ecosistemas mariños vulnerables, pero si o xeito no que se aplica esta medida, toda vez que debería de basearse en informes rigorosos e aplicarse de xeito razoable. A pesca, como calquera actividade humana, ten un impacto ambiental, e o sector pesqueiro é consciente da necesidade de aplicar medidas de protección, pero estas deben fundamentarse en informes científicos rigorosos, no diálogo cos consellos e entidades consultivas e aplicarse co maior consenso posible. A información na que se sustenta a presente decisión, non obstante, parte da información achegada polo ICES, que o sector cualificou de incompleta, posto que non se pararon na información máis detallada sobre os fondos mariños, feito que podería dar unha visión máis completa da situación.

Así mesmo, a proposta non diferencia as zonas nin tipos de arte pesqueiro, o que tamén é outra eiva importante, así como as medidas de protección que cada Estado xa aplica sobre as zonas citadas, o que amosa un escaso ou inexistente grao de ponderación das medidas, que finaliza impactando de maneira global no sector.

A frota galega de Gran Sol, representa un activo fundamental para a pesca e a economía de Galicia. Os buques de palangre de fondo, volanta e arrastre que faenan nas zonas afectadas por esta decisión, levan anos apostando pola mellora da selectividade das súas artes, da eficiencia, a sostibilidade social e económica dunha actividade que, repetimos, se atopa en situación de rendemento máximo sostible e aplicando todas as normativas de maneira rigorosa e comprometida. Unha frota que é exemplo internacional de boas prácticas e que, con esta decisión, vai ver cernada unha parte fundamental dos seus caladoiros de pesca mediante unha medida desproporcionada, pouco fundamentada e de aplicación de maneira indiscriminada para todas as artes e frotas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales son as últimas actuacións da Xunta de Galicia de cara a reverter a decisión da Comisión Europea de prohibir a pesca de fondo?

Pazo do Parlamento, 9 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 40644
Data envio: 09/09/2022 14:06:53.685

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Patricia Otero Rodríguez na data 09/09/2022 13:18:37

Julio Torrado Quintela na data 09/09/2022 13:18:50

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 18:25:37
Nº Rexistro: 40797
Data envio: 12/09/2022 18:25:37.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás deficiencias existentes no servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra-O Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s traballador@s da empresa concesionaria do servizo de ambulancias da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, levan meses denunciando as deficientes condicións nas que se está a prestar o servizo.

Denuncian, como xa fixeron no seu momento, que o concurso foi deficitario desde o inicio, xa que foi licitado con menos ambulancias das existentes con anterioridade, e que é imposíbel atender carga de traballo actual nin co número de vehículos existentes nin de persoal, xa que non cobren @s profesionais que están de baixa, vacacións, descansos etc.

Como é evidente esta situación repercute nas condicións laborais, ao ter que asumir o persoal en activo toda a carga de traballo, e na calidade asistencial xa que se producen demoras de horas para realizar traslados ou a falta de dispositivos para atender a demanda, aínda que esta sexa urxente.

A todo o anterior hai que sumar outras moitas deficiencias existentes: unha única ducha para oitenta persoas, dormitorios mixtos, taquillas insuficientes, non homologación dos uniformes, incumprimento da lei de prevención de riscos, nos

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 18:25:37
Nº Rexistro: 40797
Data envio: 12/09/2022 18:25:37.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respecto pola antigüidade... Cuestións todas recollidas nun acordo acadado a finais de marzo do actual ano entre a empresa e @s traballador@s para a súa subsanación, sen que a día de hoxe se teña feito.

Faise precisa a intervención da Xunta, xa que é a principal causante da precarización das condicións laborais e da precarización do servizo público, por sacar os contratos a concurso por debaixo do seu custo e aceptar as propostas á baixa, sabendo que ía repercutir nas condicións laborais e na prestación do servizo.

A Consellaría de Sanidade, o Sergas, nin sequera están obrigando á empresa a cumprir co recollido no contrato, de maneira que o servizo se presta con menos persoal e vehículos dos establecidos e, en moitos casos, as ambulancias atópanse en condicións indebidas, sen a dotación necesaria nin a hixienización dos vehículos e dos uniformes obrigados por lei.

De todo o descrito foi informada a xerencia da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés hai meses, sen que teñan coñecido ningunha actuación por parte da mesma para mellorar o servizo, inhíbese das súas responsabilidades tanto c@s traballador@s como coa cidadanía.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento o transporte sanitario continúa en funcionamento e os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 18:25:37
Nº Rexistro: 40797
Data envio: 12/09/2022 18:25:37.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que está garantindo unha atención axeitada as persoas que precisan transporte sanitario terrestre?

Que accións ten realizado tras ser informado hai meses das irregularidades no servizo de transporte sanitario terrestre Área Sanitaria Pontevedra Salnés?

Procedeu a realizar unha inspección xeralizada da empresa concesionaria para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas: condicións laborais, desinfección de vehículos, material...?

Obrigou ás empresas á súa corrección?

Ten aberto algún expedientes sancionador, ou acción legal por irregularidades detectadas?

Considera que a poboación desta Área Sanitaria conta cos recursos suficientes en número de vehículos e profesionais en activo para recibir a atención en tempo e forma?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Olalla Rodil Fernández
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 18:25:37
Nº Rexistro: 40797
Data envio: 12/09/2022 18:25:37.507

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2022 18:24:38

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2022 18:24:43

Iria Carreira Pazos na data 12/09/2022 18:25:13

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:16:10
Nº Rexistro: 40876
Data envio: 13/09/2022 12:16:10.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o desenvolvemento normativo e accións concretas derivadas da aprobación da Lei de museos e centros museísticos por parte da Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro de 2021 aprobábase cos votos do PP no Parlamento galego a Lei de museos e outros centros museísticos.

A respecto do procedemento, no BNG denunciamos no seu día o proceder do goberno galego, caracterizado pola falta de transparencia e participación na tramitación lexislativa para incorporar achegas polo reducido período de exposición pública do anteproxecto, comprendido entre o 10 de xullo e o 1 de agosto do ano 2019.

Canto ao desenvolvemento do texto, cualificamos esta lei, desde a primeira análise do documento, como conservadora, limitada e desactualizada.

Entendiamos que unha lei como esta, que se presentaba polo goberno como pioneira, non podía prescindir das recomendacións do International Council Of Museums (ICOM) do ano 2019 ou das novas correntes como a museoloxía social,

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:16:10
Nº Rexistro: 40876
Data envio: 13/09/2022 12:16:10.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encamiñada a potenciar a función social dos museos. Como tampouco foi pertinente, nin moito menos xustificado por parte do goberno do PP, prescindir na tramitación lexislativa do informe do Consello da Cultura Galega, órgano estatutario de alto asesoramento do goberno galego.

Un proxecto pouco ambicioso ao excluír da lei o patrimonio cultural inmaterial e o patrimonio industrial, definidos como patrimonio cultural de Galiza, ao igual que a memoria histórica. Ou tamén renunciar a regular os museos ou colecciónsmuseográficas da Igrexa e do exército, así como o labor de inspección para garantir o cumprimento das obrigas dispostas na norma.

Unha suma de razóns argumentadas que foron recollidas tanto na emenda á totalidade como nas emendas parciais que o Grupo Parlamentar do BNG defendeu e que o PP decidiu non atender votando en contra.

O Conselleiro de Cultura cualificaba esta lei como o instrumento que convertería os museos en ventás abertas ao coñecemento, onde preservar o noso legado cultural accesible a toda a sociedade, mellor coordinados e actualizados no dixital, que poña en marcha o Consello de Centros Museísticos de Galicia.

Camiño dos dous anos da aprobación da Lei de museos e outros centros museísticos, no BNG descoñecemos a concreción da lei nos correspondentes desenvolvementos normativos, así como os avances nos compromisos políticos anunciados polo PP para a mellora dos museos e centros museísticos galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:16:10
Nº Rexistro: 40876
Data envio: 13/09/2022 12:16:10.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que desenvolvemento normativo e accións concretas para o avance e modernización dos museos ten feito a Xunta desde a aprobación da Lei de museos e centros museísticos?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/09/2022 12:14:20

Mercedes Queixas Zas na data 13/09/2022 12:14:24

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/09/2022 12:14:34

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 10:31:31
Nº Rexistro: 40952
Data envio: 14/09/2022 10:31:31.445

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do goberno galego dos datos do IPC do mes de agosto publicados no mes de setembro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre as consecuencias da consolidación da crise de prezos e do feito de que, desde hai máis dun ano, a inflación sexa superior en comparación coa media do Estado. Ademais, as e os galegos sofren a falta de actuación do goberno galego, que apenas impulsou medidas para paliar os efectos.

Así as cousas, nos datos publicados o 13 de setembro obsérvase como o índice xeral de Galiza correspondente ao mes de agosto de 2022 rexistrou un ascenso do 0,1% con respecto ao mes anterior, taxa dúas décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado (0,3%). Con respecto a agosto de 2021 os prezos rexistraron un aumento do 11,0%, cinco décimas máis que no conxunto do Estado (10,5%). Así mesmo, variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 7,0%, dúas décimas superior á rexistrada en xullo (6,8%) e seis décimas superior á rexistrada a nivel estatal (6,4%).

Por outra banda, en termos de taxa interanual, son os grupos de "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (29,2%), "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (12,4%), "Transporte" (11,4%) e "Restaurantes e hoteis" (9,3%), os que repercuten máis positivamente na taxa (9,4 puntosentre os catro grupos).

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 10:31:31
Nº Rexistro: 40952
Data envio: 14/09/2022 10:31:31.445

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o punto de vista das variacións intermensuais, un dos grupos máis destacables con subida de prezos foi o de "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (3,3%), que está a representar enormes dificultades para as familias galegas.

Nesta evolución, cómpre sinalar de forma específica o feito de que no que vai de ano Galiza acumula un incremento dos prezos do 6,6% fronte a media estatal do 6,1% e de que outro dato preocupante é a inflación subxacente (aumento dos prezos sen contar o correspondente a alimentos non elaborados e produtos enerxéticos) e que significa que esta situación inflacionaria non é exclusivamente conxuntural pola suba da enerxía e dos carburantes, senón que o aumento dos prezos trasladouse ao conxunto de bens e servizos (polo aumento do custos xeralizados de bens intermedios e o seu traslado a prezos por parte da industria, comercio e servizos).

Diante desta situación, o goberno galego reacciona eliminando axudas importantes como a Tarxeta Básica, aprobando un Plan Estratéxico que nace obsoleto ou un teito de gasto limitado. Ante o agravamento e a prolongación desta situación é necesario un cambio de rumbo.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego respecto da evolución da crise de prezos e a súa afectación en Galiza, superior á do conxunto do Estado?

Por que considera o goberno galego que a inflación é meirande en Galiza?

Que medidas económicas está a tomar para paliar as consecuencias nas maiorías sociais?

E nos sectores produtivos estratéxicos?

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 10:31:31
Nº Rexistro: 40952
Data envio: 14/09/2022 10:31:31.445

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as razóns de que o goberno galego non esprema a súa capacidade de autogoberno?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 14/09/2022 10:30:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/09/2022 10:30:53

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2022 10:31:02

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 11:23:24
Nº Rexistro: 40964
Data envio: 14/09/2022 11:23:24.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, **Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de habilitar bolsas extraordinarias para facer fronte aos gastos do inicio de curso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e o 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o "imposto dos pobres" porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos.

É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde. A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de agosto foi do 11% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado.

Isto quere dicir que en agosto de 2022 as galegas e os galegos eramos un 11% máis pobres que un ano antes.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 11:23:24
Nº Rexistro: 40964
Data envio: 14/09/2022 11:23:24.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A suba dos carburantes, da electricidade, da bolsa da compra, a enerxía, as hipotecas ou os alugueiros converten este inicio de curso nunha costa de setembro sen precedentes para as familias galegas.

A suba xeralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes.

Esta realidade ten un impacto directo sobre as alumnas e alumnos. Un impacto que se traduce, como xa sinalamos, nun incremento das dificultades económicas que poden implicar, sobre todo no caso das familias traballadoras deste país, unha diminución do rendemento académico que poida levar en última instancia ao abandono escolar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Consellaría de Educación habilitar un mecanismo extraordinario de bolsas, dotado cunha partida inicial de 25 millóns de euros para que todas as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 11:23:24
Nº Rexistro: 40964
Data envio: 14/09/2022 11:23:24.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/09/2022 11:18:38

Daniel Castro García na data 14/09/2022 11:18:52

Mercedes Queixas Zas na data 14/09/2022 11:19:02

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 13:34:08
Nº Rexistro: 41027
Data envio: 14/09/2022 13:34:08.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración do goberno galego respecto da edición para o ano 2022 das axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social e ás medidas que debe impulsar para aumentar a protección dos galegos e galegas diante da intensidade e continuidade da crise inflacionaria e a súa afectación aos produtos enerxéticos.

Exposición de motivos

O acceso á enerxía debera ser un dereito garantido a toda a poboación, toda vez que a día de hoxe non é posible ter unha vida en condicións de dignidade sen poder acceder á enerxía eléctrica. Porén, a progresiva privatización do sector derivou nun modelo enerxético que ademais de ineficiente e contaminante contribúe ao aumento da desigualdade social, ademais da desigualdade xa existente no impacto territorial. Así as cousas, Galiza, un país rico en recursos e produción enerxética, líder de renovables, ten un importante problema social e político ante o aumento dos galegos e galegas en situación de exclusión ou risco de exclusión social.

Ante esta situación, o goberno galego vén limitándose a facer tímidos complementos das axudas estatais, cuxos problemas son evidentes, renunciando a exercer realmente o autogoberno para deseñar instrumentos propios e ambiciosos. Ao abeiro destas iniciativas, o pasado mes de xaneiro de 2022 publicábase no Diario Oficial de Galiza a Orde do 16 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 13:34:08
Nº Rexistro: 41027
Data envio: 14/09/2022 13:34:08.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 na Comunidade Autónoma (código de procedemento IN414D)

Esta axuda pode ser solicitada por parte das persoas residentes na Comunidade Autónoma que teñan a consideración de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social so os criterios establecidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, cos límites de renda establecidos no punto 4 do citado artigo, e ademais estean en risco de exclusión social, debendo estar esta situación acreditada mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais correspondentes.

A previsión de remate de solicitudes é o último día de outubro de 2022 e o crédito inicial de 1.9 millóns de euros, ampliable en función das necesidades.

Durante os meses de tramitación a situación económica empeorou progresivamente. Dunha banda, as previsións de crecemento dos gobernos e dos organismos internacionais reducíronse despois do primeiro semestre do ano. Doutra, as previsións respecto da inflación foron infraestimadas e os produtos enerxéticos experimentaron as alzas máis intensas. Esta situación explica o aumento da pobreza en xeral e da pobreza enerxética en particular. É preciso valorar o funcionamento deste recurso e as necesidades de establecer outros novos ou substitutivos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para aumentar a protección dos galegos e galegas ante os custes enerxéticos?

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 13:34:08
Nº Rexistro: 41027
Data envio: 14/09/2022 13:34:08.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o número de persoas beneficiarias para o ano 2022?

Cal é a valoración respecto do ano anterior e do recurso?

Que opcións valora o goberno galego para ampliar e esgotar a marxe que lle outorga o autogoberno?

Vai impulsar ou colaborar o goberno galego as reformas oportunas para que, en canto non poida facelo o noso país, o Estado español impida os cortes de subministro por lei de forma permanente?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2022 13:31:41

María do Carme González Iglesias na data 14/09/2022 13:31:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/09/2022 13:32:25

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 13:34:08
Nº Rexistro: 41027
Data envio: 14/09/2022 13:34:08.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 14/09/2022 13:32:37

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2022 13:32:48

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:40:53
Nº Rexistro: 41078
Data envio: 15/09/2022 10:40:53.537

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A aprobación cun gran consenso da Lei orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (8/2021, do 4 de xuño, LOPIVI) supón unha oportunidade para que nenas, nenos e adolescentes que asisten aos centros educativos conten coa maior protección fronte a calquera tipo de violencia en todos os ámbitos da súa vida. Nos centros educativos a nova figura profesional do coordinador/a de benestar e protección será a encargada de aglutinar capacidades e recursos para velar polo dereito á protección integral da infancia. Esta Lei de protección da infancia fronte á violencia recolle, por tanto, a obriga de ter coordinadores en todos os centros educativos onde haxa menores de idade. Os centros deberán segundo o marco legal explicitar unha política clara que describa a forma en que se compromete a previr e responder adecuadamente e a establecer de forma clara as responsabilidades e expectativas con respecto ao seu persoal. Na nosa comunidade e co comezo do curso en marcha nada se sabe da aplicación da lei e desta figura do coordinador de benestar, figura obrigatoria e non hai ningunha indicación clara desde a Consellería de como vai instaurarse.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que pasos ten dado a Consellería de Educación para dar cumprimento á Lei orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (8/2021, do 4 de xuño, LOPIVI)?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:40:53
Nº Rexistro: 41078
Data envio: 15/09/2022 10:40:53.537

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Noelia Otero Lago na data 15/09/2022 10:30:38

Marina Ortega Otero na data 15/09/2022 10:30:47

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 10:30:59

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:02:58
Nº Rexistro: 41086
Data envio: 15/09/2022 12:02:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cumpra a lei e responda ás solicitudes de información dos deputados do Parlamento galego a través do mecanismo do artigo 9 do Regulamento da Cámara, en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo actualmente vixente establece o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente escollidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

O dereito á participación política implica a potestade lexislativa, como o impulso e control da acción de goberno para o que a representación da cidadanía ten recoñecida a posibilidade de demandar información do Goberno e dos seus departamentos, xa sexan do Estado, como das Comunidades Autónomas ou tamén das Entidades Locais.

A potestade da representación democrática da cidadanía para solicitar información do goberno e da administración pública configura o núcleo básico e esencial da actividade parlamentaria que ten como unha das súas finalidades o control da acción do goberno.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:02:58
Nº Rexistro: 41086
Data envio: 15/09/2022 12:02:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este dereito de configuración legal está recollido, por exemplo no artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza no que se regula, por unha banda, a facultade dos deputados e deputadas de solicitar das administracións públicas "os datos, informes e documentos que consten en poder destas"; e por outra, o deber da Xunta de Galiza de facilitar, nun prazo de 30 días, a información e documentación solicitada pola representación da cidadanía, agás existan razóns fundadas en Dereito que o impidan.

Pola contra, a realidade é ben diferente, xa que o goberno galego incumpre de xeito constante o regulamento ao non entregar nin en tempo nin en forma os documentos solicitados a través do artigo 9.

A día de hoxe o goberno do Partido Popular ten sen responder 795 artigos 9, dos cales 419 son do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego. Porén, isto non é o máis grave, xa que 43 deses 419 artigos 9 son do ano 2020 e 343 teñen un atraso de máis de un ano, a pesar de que a Xunta de Galiza ten como máximo 30 días para entregalos. Todo isto supón que o BNG teña un 75% dos artigos 9 sen respostar.

Asemade, as escasas ocasións na que a Xunta de Galiza ten a ben atender os requirimentos efectuados dende o Parlamento non quere dicir que se dera cumprida satisfacción ás demandas de información, pois non é infrecuente que a "contestación" sexa para transmitir información parcial ou mesmo para indicar, ás veces inxustificadamente, que non se pode facilitar a información requirida.

O incumprimento sistemático do deber de información supón a vulneración dun dereito fundamental que conforma un dos piares do actual sistema democrático, evitando, ao tempo, a detección e persecución de prácticas irregulares ou mesmo eventualmente constitutivas de delito.

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:02:58
Nº Rexistro: 41086
Data envio: 15/09/2022 12:02:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que vai facer a Xunta de Galiza para garantir o dereito fundamental de participación aos deputados e deputadas do Parlamento galego?

- Considera a Xunta de Galiza que é normal o nivel de resposta en tempo e forma que está a mostrar no que ten a ver cos artigos 9?

- Cal é a razón que ten a Xunta de Galiza para explicar os constantes atrasos que chegan até os dous anos?

-Por que razón a Xunta de Galiza impide o exercicio do deber parlamentario de control da acción de Goberno?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/09/2022 11:57:30

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:02:58
Nº Rexistro: 41086
Data envio: 15/09/2022 12:02:58.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/09/2022 11:57:40

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 11:58:04

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2022 11:58:12

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:51
Nº Rexistro: 41114
Data envio: 15/09/2022 13:03:51.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao contrato actualización censo do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2021 a Xunta adxudicou o contrato para a realización dun estudo poboacional do lobo ibérico en Galiza. O contrato, cunha dotación económica de 63.000 euros, tiña un prazo de execución de 10 meses.

Segundo o anuncio de licitación "O obxecto desta contratación é a mellora e actualización periódica do coñecemento sobre as poboacións de lobo en Galicia, principalmente no relativo á súa evolución e tendencia (os últimos datos do censo de lobo ibérico en Galicia correspóndense ao período 2013- 2015), o que permitirá levar a cabo un mellor seguimento sobre a especie e a aplicación destes coñecementos á zonificación e xestión da mesma".

Transcorrido un ano e tres meses desde a adxudicación do contrato non hai ningunha información ao respecto, o que chama poderosamente a atención pola hiperactividade da consellaría de medio ambiente na súa campaña contra o lobo.

Desde o BNG consideramos de máximo interese coñecer a información deste estudo, pola súa relevancia na toma de decisións en relación co plan de xestión, a estratexia e as axudas polos danos provocados polo lobo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:51
Nº Rexistro: 41114
Data envio: 15/09/2022 13:03:51.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando ten previsto a Xunta facer público o estudo poboacional do lobo cuxo contrato foi asinado en maio de 2021 e que tiña un prazo de execución de 10 meses?

Esta facilitando a Xunta, xunto con otras CCAA, a aprobación da Estratexia Estatal para a Convivencia das Actividades do medio Rural co Lobo (Canis lupus) e a súa Conservación?

Vai impulsar un novo plan de xestión do lobo desenvolvendo como primeira medida un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do plan anterior?

Vai demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandaría en extensivo e da dinamización do rural, de maneira que recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas. Neste contexto, a Xunta demandará a transferencia de partidas extraordinarias e suficientes para a conservación do lobo, e para medidas de prevención e indemnización por danos ao gando?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:03:51
Nº Rexistro: 41114
Data envio: 15/09/2022 13:03:51.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2022 12:55:48

Alexandra Fernández Gómez na data 15/09/2022 12:55:52

Paulo Ríos Santomé na data 15/09/2022 12:56:02

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 16:37:39
Nº Rexistro: 41144
Data envio: 15/09/2022 16:37:39.962

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o plaxio do Partido Popular á Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

Unha semana despois de anunciar no Senado que o Partido Popular tiña unha batería de propostas en materia enerxética, o presidente do PP e ex-presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijóo, remitiu ao Goberno español un documento que nas súas conclusións constituía unha copia literal dun outro documento remitido no mes de agosto ao mesmo Goberno español mais, desta volta, pola Xunta de Galiza.

Alén das propostas concretas, a calquera cidadá ou cidadán galego sorprende tal cuestión pois, cabe pensar que o presidente do Partido Popular e, cómpre lembrar, senador por designación autonómica malia dedicarse a calquera cousa menos representar os intereses de Galiza no Senado, está a utilizar de maneira fraudulenta documentos oficiais do goberno galego. Pois, copiar e pegar na súa literalidade as conclusións dun documento –sexa ou non gobernamental-- constitúe un plaxio.

Ou algo peor, que o Partido Popular estea a utilizar os recursos públicos, das galegas e dos galegos, para o seu beneficio partidario.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 16:37:39
Nº Rexistro: 41144
Data envio: 15/09/2022 16:37:39.962

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Señor Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, vai denunciar a Xunta de Galiza ao Partido Popular por plaxio?

Sabía a Xunta de Galiza que o Partido Popular ía utilizar un documento oficial do Goberno galego como propio?

Está o Partido Popular a usar recursos públicos da Xunta de Galiza como propios e para o seu beneficio partidario?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2022 16:34:48

Daniel Pérez López na data 15/09/2022 16:34:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/09/2022 16:35:01

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 16:37:39
Nº Rexistro: 41144
Data envio: 15/09/2022 16:37:39.962

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 15/09/2022 16:35:12

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:23
Nº Rexistro: 41150
Data envio: 15/09/2022 17:01:23.100

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do transporte escolar na comarca de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os dous últimos trimestres do curso escolar 2021/2022 estiveron marcado por numerosas problemáticas referidas ao funcionamento do transporte escolar. Após o cambio na concesionaria do servizo, a comezos do presente ano, foron múltiples as denuncias por todo o País por atrasos, cambios nas paradas e outras cuestións derivadas dun mal funcionamento do servizo.

Mais o certo é que estes problemas persisten unha vez comezado un novo curso escolar. O pasado 8 de setembro volveron ás aulas as estudantes do ensino obrigatorio en Galiza, e con el, o mal funcionamento dos autobuses para achegalas aos centros de ensino. E lonxe de limitarse a un problema conxuntural circunscrito ao día de inicio do curso, unha semana máis tarde constatamos a súa persistencia.

Estes problemas engloban atrasos nos autobuses, o que supón que o alumnado chegue despois da hora de comezo das aulas ou que teña que agardar fóra dos centros unha vez rematada a xornada; non realización das paradas estipuladas, co que son moitas as familias que teñen que buscar alternativas para levar aos centros a estas estudantes; ou incluso a utilización de vehículos que non se adaptan ao volume de estudantado que deben transportar, coa consecuencia de que haxa persoas que viaxan de pé ou sentadas

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:23
Nº Rexistro: 41150
Data envio: 15/09/2022 17:01:23.100

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas escaleiras co risco que supón para a súa propia seguridade. Problemáticas que se repiten en centros de ensino tanto de educación primaria coma secundaria, e de igual xeito nos centros do concello de Santiago de Compostela coma noutros da contorna, como sucede en Teo, Ames ou na Baña.

A Federación de ANPAs de Compostela xa fixo a súa correspondente denuncia, así como ANPAs e centros a nivel individual, recollendo as múltiples deficiencias que presenta este servizo. Cómpre ter presente que o transporte escolar é un servizo fundamental para o ensino público, favorecendo a súa democratización e a conciliación das familias, sobre todo nun contexto dunha importante dispersión xeográfica. Máis aínda cando o transporte público na Galiza presenta múltiples carencias, cunha precaria rede ferroviaria sen servizo de cercanías e cun transporte por estrada moi debilitado e que repite as queixas que se constatan no escolar.

Todas estas circunstancias súmanse a un curso escolar que comeza marcado pola diminución dos cadros de persoal nos centros de ensino, nomeadamente do profesorado, o que traerá consigo unha sobrecarga nas profesionais así como unha deterioración da calidade de ensino público.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o transporte escolar no noso País, nomeadamente na comarca de Compostela?

– Que opinión lle merece os continuos atrasos nas rutas de transporte escolar?

– Como valora o executivo galego a denuncia de que se acumulen rutas en un único vehículo onde non cabe todo o alumnado pertencente a estras rutas?

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:01:23
Nº Rexistro: 41150
Data envio: 15/09/2022 17:01:23.100

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cales son as medidas que se teñen posto en marcha ante o mal funcionamento do servizo?

– Considera que o mal funcionamento deste servizo pode poñer en risco a matrícula nos centros rurais?

– Que medidas ten contempladas para evitar que persista esta problemática?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/09/2022 17:00:00

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 17:00:03

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:14:23
Nº Rexistro: 41162
Data envio: 15/09/2022 17:14:23.559

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os recentes informes feitos públicos polo Consello de Contas de Galicia fiscalizan, entre outros aspectos da contabilidade da Xunta de Galicia, o funcionamento económico do Sergas. Ademais das consideracións gravísimas das que alertan, sobre a opacidade das contas e da imposibilidade de ser sometidas a un control financeiro polas irregularidades no formato de presentación (cuestión que é repetida ano tras ano polo Consello de Contas e que sobre a que o goberno de Galicia fai ouvidos xordos), estes informes presentan algúns datos preocupantes sobre posibles irregularidades financeiras na xestión da sanidade galega.

Con respecto á contratación menor, sistema que evita a publicidade e os procedementos de concurso para poder asignar de maneira directa un contrato, os datos respecto do Sergas son alarmantes pois supón en torno ao 85 % de toda a contratación por este formato de todo o Goberno. Este abuso do sistema para poder adxudicar de maneira directa e sen competitividade de mercado supuxo, no período analizado 2012-2017 (son os datos de que dispón o Consello de Contas) máis de 600 millóns de euros, sendo o total do Goberno en torno a 725 millóns.

Ademais do dato global, é necesario apuntar que o Consello de Contas detecta que un 59 % dos contratos (3 de cada 5, de maneira global) estendeuse a prestación ou servizo contratado sen existir soporte contractual e máis alá de toda prórroga legal posible, sen explicar as argumentacións de por que se produce esta ilegalidade, o que provoca o uso irregular de moitos millóns de euros (na mostra analizada polo Consello supéranse os 40 millóns). O propio informe sinala que en torno ao 30 % do gasto é irregular e contrato á normativa contractual (artigo 29 da Lei de Contratos do Sector Público).

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:14:23
Nº Rexistro: 41162
Data envio: 15/09/2022 17:14:23.559

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como pode ser explicado este uso abusivo, reiterado e contrario á normativa financeira de formatos de contratación no Sergas?
2. Ten previsto o goberno de Galicia facilitar o acceso do Consello de Contas de Galicia ao control financeiro ao Sergas?
3. Como están sendo pagadas as prórrogas de prestacións que continúan máis alá do prazo de duración de contrato legalmente posible?
4. Considera o goberno de Galicia que é aceptable que o 85 % dos contratos menores do Goberno proveñan do Sergas?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2022 17:01:57

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2022 17:02:37

Marina Ortega Otero na data 15/09/2022 17:02:48

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:15:09
Nº Rexistro: 41166
Data envio: 15/09/2022 17:15:09.011

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A xestión da COVID supuxo un reto para as administracións no plano sanitario para poder facer fronte a unha ameaza grave e inesperada, que forzou a tomar decisión e reorientar prioridades como nunca tiña ocorrido. Esta xestión asistencial precisou de decisións claras para poder soster economicamente as necesidades, e por tanto foi imprescindible deseñar novos mecanismos financeiros.

Ademais doutras cuestións máis específicas, o goberno de España abriu unha vía de financiación extraordinaria para os gobernos autonómicos destinada a paliar as consecuencias nos distintos campos de xestión. Como era lóxico, o ámbito de maior prioridade nos primeiros tempos da pandemia foi o sistema sanitario, e así o Goberno do Estado asignou a Galicia dous tramos do fondo COVID para sanidade no ano 2020, que tiveron contías de 268 e 150 millóns de euros respectivamente, o que supón un total de 418 millóns para sanidade. Outras contías a maiores foron destinadas para sanidade noutros fondos nese ano, aínda que fosen involucradas nun paquete máis amplo.

Centrando aínda só nos 418 millóns de euros de fondo COVID extraordinario, a Conta Xeral 2020 publicada pola Consellería de Facenda indica que, deses fondos extraordinarios, foron destinados a Sanidade 259 millóns de euros, o que supón apenas un 61 % do total. O resto dos fondos, 4 de cada 10 euros que Galicia recibiu do Estado para os gastos extraordinarios en sanidade, non foron utilizados para iso.

Este enorme desfase entre o que Galicia recibiu para tal fin e o que utilizou para sanidade, que son 158 millóns de euros, supera a estimación xa realizada pola AiREF. Esta entidade independente estimaba que o efecto en Galicia dos investimentos COVID podíase valorar en torno aos 316 millóns de euros, o que supoñía 100 millóns de euros de desfase que Galicia ingresara pero non investira. A propia conta xeral amplía ese diferencial ata eses 158 millóns de euros que

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:15:09
Nº Rexistro: 41166
Data envio: 15/09/2022 17:15:09.011

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Galicia recibiu para sanidade pero non investiu en sanidade e que perdéronse sen rastro no orzamento da Comunidade Autónoma.

Galicia converteuse así na Comunidade Autónoma de España que maior desfase evidencia entre o recibido e o investido en sanidade fronte á COVID, só despois da desastrosa xestión de Madrid, desperdiciando para este fin máis de 150 millóns de euros que utilizou para outras funcións non clarificadas. Outras comunidades autónomas dedicaron estes fondos extraordinarios de maneira eficiente a sanidade, como Cantabria, Castela a Mancha ou Estremadura que aproximáronse ao 100 %, ou como Baleares ou Valencia que non so utilizaron o 100 % senón que aportaron parte propia.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como explica o Goberno de Galicia que o 40 % dos fondos achegados polo Goberno do Estado en 2020 para o investimento extraordinario en sanidade fronte á COVID fosen desviados para outros fins non sanitarios?

2. A que foron destinados eses máis de 150 millóns de euros que o Goberno do Estado aportou a Galicia como fondo extraordinario para sanidade e que se desviaron para outros fins?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 17:15:09
Nº Rexistro: 41166
Data envio: 15/09/2022 17:15:09.011

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2022 17:09:57

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2022 17:10:07

Marina Ortega Otero na data 15/09/2022 17:10:18

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:50
Nº Rexistro: 41180
Data envio: 15/09/2022 18:00:50.617

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Xunta de Galicia aprobaba en 2017 o decreto 12/2017 polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico (VUT) en Galicia, na que recoñece a necesidade de regular este último tipo de aloxamento dada a súa proliferación na nosa comunidade autónoma e "debido ao seu impacto e a competencia desleal que supón respecto do aloxamento turístico regulado".

A falla de datos oficiais contrastados e actuais, calcúlase que en Santiago de Compostela hai na actualidade preto de 1.000 VUT, todas elas inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT) pero só o 10 % conta coa habilitación municipal preceptiva. Porque hai que lembrar que o texto lexislativo aprobado hai cinco anos establece que son os municipios, con competencias urbanísticas, os que teñen a facultade de establecer requisitos ou permisos previos que sexan de aplicación para empezar a operar.

O mencionado decreto 12/2017 establece no seu artigo 5 'Concepto de vivenda de uso turístico':

> *4. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística.*
>
> *6. (...) <u>Os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector</u>.*

Xa no seu Capitulo VI dedicado enteiramente a regular este tipo de vivendas, establece que:

> *Artigo 41. Réxime de exercicio da actividade*
>
> *1. Para o inicio da actividade turística na modalidade de vivendas de uso turístico deberá presentarse unha declaración responsable de inicio de actividade (...).*
>
> *Artigo 42. Efectos da presentación*
>
> *1. A presentación da declaración responsable, nas condicións previstas neste decreto, habilita para o desenvolvemento da actividade turística de vivenda de*

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:50
Nº Rexistro: 41180
Data envio: 15/09/2022 18:00:50.617

uso turístico, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas esixidas noutras normas que lles resulten de aplicación.

Esta habilitación para o desenvolvemento da actividade turística non exime o/a propietario/a ou persoa ou empresa que comercialice a vivenda da obriga de obter as autorizacións, permisos, licencias e/o informes que establezan as distintas normativas sectoriais e municipais que lle son de aplicación.

Artigo 43. Inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Atendendo a declaración responsable (...) a área provincial da Axenciade Turismo de Galicia inscribirá de oficio o establecemento no REAT e emitirá un documento que acredite tal inscrición, salvo que se omitisen datos ou documentos de carácter esencial ou se desprenda da declaración que non reúne os requisitos previstos neste decreto para a súa clasificación.

Artículo 44. Resolución

A comprobación polos órganos competentes da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a non presentación da declaración responsable, a non dispoñibilidade da documentación preceptiva, o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos (...).

A Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditará (...) a oportuna resolución (...) e acordará a baixa da vivenda de uso turístico, así como a cancelación da súa inscrición no REAT.

Diante desta normativa, non é comprensible que sexa o mesmo Goberno que a redactou, e en concreto Turismo de Galicia, quen se negue a lle dar cumprimento eliminando do REAT as VUT que non contan coa habilitación municipal. E máis cando existen dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que consideran, ao igual que o concello compostelán, que as VUT son unha actividade económica e por iso precisa dunha licencia municipal previa e que ademais estas vivendas xa estaban reguladas polo Plan especial de Santiago de Compostela do ano 1997.

A Xunta de Galicia non está a cumprir nin coa súa normativa nin coa defensa dun turismo sustentable que preserve a identidade de cada zona turística, neste caso a cidade de Compostela. O Goberno local compostelán non pretende prohibir este tipo de establecementos, senón regulalos precisamente para protexer o interese público e

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:00:50
Nº Rexistro: 41180
Data envio: 15/09/2022 18:00:50.617

determinar o modelo de convivencia e dun turismo sostible e responsable que a cidade precisa.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal é a razón de que Turismo de Galicia non elimine do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia as vivendas de uso turístico que non dispoñen de habilitación municipal?

2ª) Como interpreta o Goberno galego as distintas sentencias emitidas polo TSXG respecto de vivendas de uso turístico no Concello de Santiago?

3ª) Cando vai eliminar o Goberno galego do Rexistro as VUT que non contan co preceptivo permiso municipal?

4ª) Cando pensa o Goberno galego do Partido Popular cumprir coa normativa que el mesmo elaborou?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2022 17:55:23

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2022 17:55:46

Martín Seco García na data 15/09/2022 17:55:59

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:15
Nº Rexistro: 41198
Data envio: 15/09/2022 18:16:15.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o anuncio de novas prazas de escolas infantís municipais por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión de control do mércores 14 de setembro "o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou unha nova liña de investimento para crear en colaboración cos concellos máis de 3.400 novas prazas en escolas infantís, un 11% máis das que existen a día de hoxe, logo da súa aprobación na reunión de mañá do Consello do Goberno galego", como recolle a nota informativa difundida pola propia Xunta.

Ao día seguinte, 15 de setembor, e en reunión do Consello da Xunta, o Goberno galego aprobou o Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de concesión de axudas correspondentes ao Programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS420E). Total: trinta e catro millóns oitocentos corenta e cinco mil corenta e dous euros (34.845.042 €).

Na referencia do Consello da Xunta difundida aos medios de comunicación e pendurada no portal web sinálase que se trata dunha "nova liña de axudas dirixida ás

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:15
Nº Rexistro: 41198
Data envio: 15/09/2022 18:16:15.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións locais financiará as prazas creadas desde o 1 de xaneiro de 2021 e ata o 15 de setembro de 2024. Polo tanto, aqueles concellos que desde comezos do ano pasado xa crearan novas prazas e o xustifiquen, poden recibir financiamento. A xustificación da subvención pode realizarse coa construción de novas escolas infantís, coa ampliación das xa existentes ou coa rehabilitación de inmobles que non están a ser de utilidade e aos cales lles poden dar unha nova vida".

Desta maneira, trátase dunha liña de subvencións para que sexan os concellos quen continúen a asumir unha competencia que lles é impropia como é a educación infantil sen ter nin sequera contrastado ou negociado nin o máis mínimo a medida coas administracións locais.

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego queremos lembrar, como xa fixemos en Comisión na última sesión antes de finalizar o anterior período de sesións, que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza está a cargar ás contas municipais unha parte importante da súa política educativa. Sen ir máis lonxe, a gratuidade da matrícula de 0 a 3 anos que no caso das escolas infantís municipais se están a ver agraviadas a respecto das privadas pois os concellos galegos non ven compensada en igual medida a redución de ingresos máis ao contrario, esíxelles un maior esforzo económico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cre a Xunta de Galiza que pode seguir facendo anuncios propagandísticos en materia de educación infantil a conta dos orzamentos dos concellos e sen falar o máis mínimo coas administracións locais?

- Vai asumir o Goberno galego a competencia das escolas infantís municipais toda vez que lles é impropia aos concellos?

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 18:16:15
Nº Rexistro: 41198
Data envio: 15/09/2022 18:16:15.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2022 18:12:24

María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2022 18:12:27

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2022 18:12:36

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-shPMnLbqQ-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/